



CONCELLO DE OLEIROS



## Vivendas máis baratas para que ninguén teña que «emigrar»

Neste lugar preto da N-VI, Mesón da Auga, na parroquia de Nos, construírse a promoción máis importante de vivendas de prezo controlado. Pero hai outras moitas en curso, ata completar case 500 vivendas en todo o concello con diferentes formas de protección. Nas páxinas centrais poden atopar abundante información sobre unha iniciativa municipal para que tódolos veciños de Oleiros poidan seguir vivindo no termo municipal que entre todos estamos a construír cunha envidiábel calidade.

# Vivir en Oleiros

## A Rabadeira transformada



Un dos lugares máis queridos polos veciños de Santa María de Oleiros é a Praza da Rabadeira. Había unha certa polémica derivada da súa transformación, porque uns simplemente querían «lavarlle a cara». Pero era unha ocasión única para ampliála e transformála nun auténtico lugar de encontro para a cidadanía. Convocouse unha consulta entre os veciños, que fixeron chegar ó Concello as súas opinións, e o resultado está ben á vista: un espazo novo, ampliado e listo para ser disfrutado por todos.

## ¿Quién frena o Paseo de Mera?

O Goberno central segue dando largas á execución desta importante obra que transformará a fachada litoral da poboación. Unha vez máis, o proxecto enviado polo Concello é devolto e non acaban de contestar á proposta municipal de abordar unha primeira fase das obras.

• Páxina 5



## Inaugurada a «Fábrica»

O novo centro cultural conta con un teatro, unha escola de música e danza, unha piscina climatizada, naves para os deportes náuticos e a nova Casa da Xuventude. A vella fábrica de cervexas do Muelle do Inglés foi xa inaugurada.

## Nos quedará transformado ó paso da N-VI

As obras previstas na estrada N-VI, así como a urbanización dunha ampla área preto do Clube de Tenis transformarán por completo os cruces do Seixal, agora ategados de tráfico.

• Páxina 7

## OBRAS DE AMPLIACIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

• Páxina 16

## A SOLIDARIEDADE DE OLEIROS, UN COMPROMISO SEMPRE ACTIVO

• Páxina 12

## A OPINIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO

• Páxina 3

Como saber  
onde está todo  
en Oleiros

AXENDA  
Páxina 2





Servicios públicos

Concello de Oleiros	981 61 0000
Policia Local (24 horas)	981 61 0001
Guardia Civil de Oleiros	981 61 0067
Guardia Civil urxencias	062
Xulgado	981 61 0824
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 61 4901
Centro Saúde Perillo (cita previa)	981 63 8731
Centro Saúde S. Cruz (cita previa)	981 62 6768
Empresa de augas	981 61 0602
Mercado municipal	981 63 8158
Recadación municipal	981 63 5603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610000 ext.211
C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 63 1706
C. Recuperación fauna salvaxe	981 62 6241
Casa da Xuventude	981 63 6598
C. cultural As Torres de Sta. Cruz	981 63 0618
Casa do Pobo de Mera	981 61 7662
Casa do Pobo de Iñás	981 63 1240
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 61 8201
Casa da Cultura de Montrove	981 63 5160
Casa da Cultura de Perillo	981 63 6555
Casa do Pobo de Dorneda	981 61 4582
Casa Charry	981 63 1444


TAXI: Tif. 981 65 1111

Autobuses de liña

**AUTOSCAL PITA**  
 Bus a NÓS. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.  
*Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.*  
 Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.  
*Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25*  
 Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.  
*Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.*  
 Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e fes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.  
*Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.*  
 Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.  
*Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.*  
 Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21,10 / Dom. e fest. ás 9-13  
*Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35*  
 Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05  
*Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30*  
 Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05  
*Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45*  
 Especial verán **Sta.Cristina** Tódolos días de 10,20 a 20,20 cada h • *Regresa de 10,50 a 20,50*  
 Especial verán **Sta.Cruz** Tódolos días de 10,05 a 21,05 cada h. • *Regresa de 10,35 a 21,35*

**AUTOS ELISEO PITA**  
 Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30  
*Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30*  
**IDEAL AUTO**  
 Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nós e O Carballo.

¿Cántos somos?



**PARROQUIAS**

Dexo	1.222
Dorneda	2.889
Iñás	757
Liáns	5.475
Maianca+Serantes	2.009
Nós	3.287
Perillo	5.574
Oleiros	2.312
<b>En total</b>	<b>23.525</b>

Farmacias de guardia

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

- TURNO 1 Están de Guardia do 4 ó 11 de xuño. A este turno pertencen: Oleiros** [Francisco Lloréns, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1 (entre O Seixal e a entrada á Autopista)]
  - TURNO 2 Están de Guardia do 7 ó 14 de maio e do 11 ó 18 de xuño. A este turno pertencen: Mera-Serantes-Lorbé • O Portazgo-Vilaboia • Cecebre**
  - TURNO 3 Están de Guardia do 14 ó 21 de maio e do 18 ó 25 de xuño. A este turno pertencen: Perillo** [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**
  - TURNO 4 Están de Guardia do 21 ó 28 de maio e do 25 de xuño ó 7 de xullo. A este turno pertencen: Nós • Rutis** [Av. Vilaboia]
  - TURNO 5 Están de Guardia do 28 de maio ó 4 de xuño, e do : Santa Cruz** [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**
- Serv. permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo**

Rexistro Civil

**NACERON**  
 Sergio Andrade Portela, fillo de Francisco Javier e Bibiana. Cristina Cabeza Vidal, filla de Jaime e Concepción. Patricia Cajal Vega, filla de Luis Miguel e María José. Adriana Castro Goas, filla de Julio e M. Carmen. Antón Concheiro Martínez, fillo de Antonio e Yolanda. Lucas Domínguez Balseiro, fillo de José Luis e M. Ángeles. Noel Domínguez Martín, fillo de Carlos e Antonia. Lylcia Ienco Hoyos, filla de Miguel e Beatriz. Martín Iglesias Gollanes, fillo de Luciano e Ana. Oscar Patiño Neira, fillo de José Manuel e María José. Manuel Perez Calvo, fillo de Segundo e M. Mercedes. María Belén Perez Batallón carretero, filla de Manuel e María Carmen. Bruno Reixa Lopez, fillo de Anxo Manuel e Fátima María. Irene Riveiro Gonzalez, filla de Breogán e Eva María. Yérica Santalla Perez, filla de José manuel e M. José. Hugo Seijo Pena, fillo de Francisco javier e Pastora María.

FINARON

José Luis Vazquez Lopez, Francisco Aguilar Martín, Carmen Gromaz Pena, M. Ángeles Casás Pena, Leonor Pena Serén, Eloy Lopez Villar, Ricardo Saez Torres, Manuel Cortes Illobre, Antonio Doldán Gomez, Francisco Gonzalez Conchado, José Gonzalez Gonzalez, Flora Alonso Rodriguez, Elena Baldomir Lafuente, Marcelino Vazquez Fuente, Antonina Blanco Blanco, Purificación Maceriras Otero, María Chas Pardo, Ramón Fernandez Sanchez, Josefa Díaz Gonzalez, José Manuel Barbeito Del Rio, Dolores Seoane Mosteiro.

Casa Charry. Sala de Exposicións

**XUNO**  
**Primeira quincena.** Pinturas de Ángel Toledano. Despois de 15 anos sen expoñer, trae unha mostra dacabalo entre o impresionismo e o expresionismo.  
**Segunda quincena.** Pintura de Victoria Pérez Ramos, que refresa a Galicia despois de moitos anos coa súa obra sutil e delicada, un reencontro co seu país

Museo dos Oleiros José María Kaydeda

Interesante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tif. 626692. Horario

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

**Perillo.** (Bibl. Central). Pazo de Rialeda (Av. Rosalía Castro e Av. das Mariñas). Tif. 981639511 / **Horarios:** Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 15h.  
**Santa Cruz.** (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro») C.Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tif. 981626338 / **Horarios:** Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h. / 1º e 2º sábados de mes: de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns (15 de xuño a 15 de setembro) de luns a venres de 8 a 15h.

**Oleiros.** R. Camilo Díaz Valiño, s/n. / Tif. 98161 0700 / **Horarios:** Mañás martes e xoves de 10 a 12,30h. / 2º e 4º sábados de mes de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 16 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 14h.

**Mera.** (Bibl. «Mª José Trincado») A Lagoa. Urb. Pía de Maianca. R. Curros Enríquez, 44. / Tif. 98161 7662 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Iñás.** Casa do Pobo. / Tif. 981 63 1240 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Dorneda.** Casa do Pobo. Arillo. / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Nós.** Casa do Pobo / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

**Montrove.** Centro Cultural / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

Mercar en Oleiros ten premio. As vacacións poden saírche gratis.

Por cada 500 pts. de compra en calquera establecemento do concello, tes dereito a unha rifa para:

- Unha semana en Palma de Mallorca •
- Unha semana en La Habana •
- Un cruceiro polo Mediterráneo •

**Solicita as rifas que che corresponden en calquera tenda ou no Mercado Municipal.**

É unha iniciativa do departamento de Consumo do Concello de Oleiros.

**Servicios Domésticos**

- Veterinarios**  
 Santa Cruz 626310  
 Gayacan 660335 /Milanova  
 Salud Animal 631651 /Dos Regos
- Mag.de construción**  
 J.Barreiro 635474 /Oleiros
- Reparación coches e bicis**  
 J. Galán 610710 /Oleiros

- Fontanerías**  
 A.Taiño 614529 /Sta.Cruz  
 A.Guillín 631567 /Oleiros  
 J.Arca 617591 /Maianca  
 J.A.Barros 626689 /Dorneda  
 J.Costa 635735 /Sta.Cristina  
 A.Dominguez661108 /Nós  
 S.Fernández 638214 /Perillo  
 Fonelec 662744-908587710 /Nós  
 C.Suarez 638400 /Perillo  
 J.García 610339 /Oleiros  
 S.García 611039 /O Carballo
- Instalacións eléctricas**  
 E.F.Orro 908584277 /Mera  
 R.Pol 635325 /Perillo  
 J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda

- Albanelería**  
 J.M.Alvarez 617788 /Serantes  
 A.Arevalo 617243 /Dexo  
 J.Bao 635617 /Perillo  
 A.Barreiro 617887 /Maianca  
 F.Beltran 628373 /Lorbe  
 J.M.Bias 635811 /Perillo  
 J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz  
 J.Cal 662449 /Oleiros  
 M.C.Carballo 631578 /Nos

- Gomaño 666387 /Oleiros  
 O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz  
 J.M.Fernández 614990 /Arillo  
 F.Fernández 636078 /Perillo  
 E.Fernández 636572 /Perillo  
 J.Fernández 614919 /Dorneda  
 J.Fernández 617720 /Dorneda  
 L.Gacio 636587 /Perillo  
 A.García 618190 /Serantes  
 V.García 661448 /Nós  
 M.Illanes 614356 /Dorneda  
 D.Lamas 631356 /Oleiros

- A.Lastres 908586296 /Dorneda  
 A.López 617411 /Mera  
 J.D.López 626082 /Santa Cruz  
 F.Mañana 615298 /Arillo  
 J.L.Martínez 636034 /Perillo  
 A.Mato 667682 /Nós  
 J.Mirón 618119 /Mera  
 V.Naya 617096 /Mera  
 M.Novo 610830 /O Carballo  
 A.Otero 631344 /Oleiros  
 J.Pampin 635920 /Perillo  
 J.L.Prego 626147 /Dorneda

- J.A.Prieto 610181 /Oleiros  
 F.Recarey 617503 /Oleiros  
 J.M.Rodríguez 610746 /O Carballo  
 J.R.Sánchez 664599 /Nós  
 F.Sánchez 610779 /Iñás  
 L.Siso 617461 /Mera  
 M.Siso 617467 /Mera  
 R.Suarez 615239 /Dorneda  
 A.Sueiro 614849 /Dorneda  
 A.Uzal 908581521 /Rialta  
 M.Vallo 610812 /Oleiros  
 F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
- M.Vidal 631015 /O Valiño  
 M.Vieito 610060 /Oleiros
- ATS-Fisoterapeutas**  
 M.Miranda 638633 /Perillo  
 J.L.Sanchez 638234 /Perillo
- Notarios**  
 R.Benzo 611506 /Oleiros

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.



## Votar pensando en Oleiros

Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños

Está próximo o día en que novamente os veciños de Oleiros poderemos decidir quen serán as personas que ocuparán os postos de concelleiros e alcalde para gobernar e administra-lo Concello ata o 2003.

A ninguén se lle escapa a importancia capital destas eleccións para o futuro inmediato do noso Concello.

Oleiros leva anos amenazado por grandes grupos de presión pouco escrupulosos, que pretenden converter este chan privilexiado pola natureza nun inmenso negocio inmobiliario.

Nos anos 80, estes grupos viron frenada a súa intención de converter Oleiros nun suburbio masificado grazas á iniciativa cidadán da Alternativa dos Veciños.

Como consecuencia da nosa acción de Goberno, Oleiros ofrece hoxe os máis

altos estándares de calidade urbana, e os nosos modelos de xestión son imitados por numerosos municipios. A clave foi unha política rigurosa, técnicamente impecable, que fomentou a defensa do medio ambiente natural, e a dotación dunha completa rede de infraestruturas e servizos á altura de calquera cidade moderna da Europa máis avanzada.

Oleiros é hoxe un lugar distinto, máis libre, máis culto, máis ordenado, máis humano, máis agradable e máis solidario.

Durante o período municipal que agora remata, o noso grupo foi vítima de duros ataques, calumnias e persecucións, que a veces contaron co apoio dalgúns poderes fácticos. Moitos deses ataques ocultan escuros intereses económicos relacionados coa especulación urbana.

A forza, a dignidade, a honradez e a capacidade de xestión das personas

que integran a Alternativa dos Veciños queda ben demostrada. A maioría de cidadáns que nos apoia, fixeron fracasa-lo intento de que a Alternativa desaparecese. Especialmente despois da inxusta sentenza que caeu sobre a miña persona, por defende-la legalidade e libera-la praia de Santa Cristina dunha impresentable morea de cascallos que eran motivo de vergoña no medio desa paraxe inigualable.

Eu non poido presentarme ás eleccións porque os meus dereitos constitucionais de elixir e ser elixido fóronme sustraídos. Pero a Alternativa está máis viva ca nunca, pois os homes e mulleres nobres medran ante as dificultades. Pídvos o apoio á lista electoral que, sen dúbida, nos permita seguir facendo de Oleiros ese lugar para vivir do que tan orgulloso te sintes.



## La fiesta electoral

Osvaldo García Díaz / Concejel del Grupo Municipal Popular

Observamos ya sin sorpresa que la Alternativa dos Veciños, fiel a su doctrina básica, continua haciendo ejercicios de «democracia cubana» bajo el principio de ustedes voten y «el de siempre» elige quienes van a ir en la lista.

En efecto, algunos vecinos acudieron engañados a la fiesta jolgorio electoral creyendo que de sus votos saldría confeccionada la lista electoral que la Alternativa dos Veciños presentará en las próximas elecciones municipales y nada más lejos de la realidad ni de la democracia ya que al final verán con sorpresa que los candidatos que salieron de «la fiesta» irán en el orden que

indique «la dirección» es decir que van a ir en puestos de salida los que más convengan al de siempre. ¿Y el cabeza de lista será el más votado?. Según y como.

Esta cumbre democrática con sabor caribeño recuerda mucho a los juegos de los trileros, ya saben esos que van variando de posición unas cartas tratando de adivinar donde esta el as deoros. Al principio el pardillo acierta siempre pero cuando la apuesta va en serio, el as deoros está siempre donde menos te lo esperas, solo el trilero lo sabe y solo él gana. Pues aquí lo mismo. Al principio los candidatos electos son designados por los votantes y al final

cuando vayan a ver la lista se comprobará que en puestos de salida están los ases deoros que el director del juego ha colocado a la vista de todos y nadie sabe como ha sido. Es decir los vecinos seleccionan pero no eligen, para eso ya está quien está ¡faltaría más!.

Claro que a fuerza de repetido el juego acabará cansando a los vecinos que se negaran a participar en futuras farsas como esta hasta tal punto que el organizador tuvo que pensar en macrofiestas con verbena para atraer al personal. Y eso fue: una auténtica verbena y un cachondeo democrático.



## Comprometidos en servir a todos, a todos sen excepción

Francisco Cerviño / Luis Vázquez / Concelleiros do PSdeG-PSOE

Durante os últimos anos, os socialistas tratamos de aportar a Oleiros un novo aire de apertura e renovación, para que no noso concello se encontren a gusto tódolos cidadáns, tódolos que viven ou traballan en Oleiros. Os socialistas de Oleiros, desde a oposición primeiro e desde o Goberno Municipal agora, sempre propiciamos actitudes de respecto e de integración; conseguimos tan só parcialmente os nosos obxectivos, pero comprometémonos en seguir traballando cada día neste proxecto de convivencia e benestar.

Repasando os últimos anos, encontramos logros que nos enorgullecen e tamén cuestións que nos indignan. Enorgullécenos por exemplo que cada día Oleiros conte con mellores servizos de Educación, Cultura e Deporte.

A contratación do novo Instituto de Secundaria en Oleiros, a ampliación do

Colexio «Isidro Parga Pondal» en Santa Cruz e a Escola-Taller «A Carballeira» en Nós, as gradas do «Valle Inclán» e a pista de Atletismo do «Luis Seoane» en Canide son boas noticias para a educación. Tamén están finalizadas a espera da Escuela Municipal de Música e Danza de Oleiros, o Teatro e unha nova Casa da Xuventude en Perillo.

Un novo Pabellón Polideportivo Cuberto no Instituto María Casares de Bastiagueiro, o Campo de Fútbol do Obrero de Oleiros e do Montrove, a cubrición das Pistas Polideportivas de Rialta, Os Regos e Inías, así como a construción de novas polideportivas de Dexo e o Carballo tamén melloran notablemente a oferta deportiva.

Poderíamos seguir citando actuacións medioambientais como a Escola do Faro en Mera, os saneamentos de Broño, O Couto, Lourido e Fornos, a

depuradora de Lorbé, etc. Pero non sería razoable rematar este artigo sen citar algúns problemas que temos que imputar á dereita liderada polo Sr. Rosende, político que busca problemas ás solucións en lugar de buscar solucións ós problemas.

Así, o Sr. Rosende e o Sr. Lendoiro téñennos sin aparcamento subterráneo en Santa Cristina, o Sr. Rosende e o Sr. Rosende e o Sr. Arias Salgado manteñen a peaxe da Autopista, e o Sr. Rosende e o Sr. Cuiña non moveron un papel a favor da tan necesaria vía rápida que anunciaron a toda plana, e o Sr. Rosende quere cargarse o Campo de Fútbol del Obrero.

Os socialistas seguiremos traballando por Oleiros, por abrir Oleiros a todos, a todos sin exclusión.

E-Mail [psoe.oleiros@cyberweb.es](mailto:psoe.oleiros@cyberweb.es)

## A cidade que queremos

Esther Pita Pita  
Alcaldesa de Oleiros

Anque algúns se empeñen en ver as próximas eleccións como rutinarias, para volver coas monsergas catastróficas ou a realidade virtual das súas propostas, os cidadáns comúns vemos que está en xogo o modelo de cidade que queremos para Oleiros.

Qué solucións lles queremos dar ós nosos pobos, ás novas urbanizacións. Canta xente queremos que viva aquí, si queremos conservar o sabor humano e tranquilo que conseguimos, con casas arrodeadas de xardíns e espazos públicos. Ou, polo contrario, queremos pobos masificados, como moitos dos que nos arrodean.

¿Queremos seguir nun concello ben dotado, ben administrado, riguroso en tódolos seus plantexamentos e moi avanzado na súa concepción urbana de vocación residencial?. ¿Ou queremos construír uns espazos urbanos cheos de edificios de sete prantas, con rúas donde non se vexa o sol?

¿Queremos ver aproveitadas tódalas nosas esquinas para o negocio e a especulación, ou queremos seguir contando con servizos públicos de alta calidade, con centros culturais cada vez mellor dotados, con bibliotecas, instalacións deportivas, e centros sociais para todos?

Estamos convencidos de que o modelo de cidade ordenada e planificada, como o adoitado en Oleiros tamén é rentable. Para os veciños, ante todo, porque permite disfrutar da vida diaria en mellores condicións. Pero tamén para os empresarios que xa tenden a ver en Oleiros unha imaxe de marca coa que incidir no mercado cos seus produtos de calidade. Non é o mesmo ter un local de negocio en Oleiros que telo en calquera outro lugar. Simplemente vende máis e mellor: ese é o valor engadido da calidade.

Eso é o que nos xogamos nas próximas eleccións. Como alcaldesa, non pido nada. Só que mires ó teu arredor e votes en consecuencia. Polo que creas que é a mellor opción para o futuro do noso querido concello.

M. Cráneo



# A reciclaxe avanza

## Oleiros logra a unidade en torno ó Plan do Lixo

### Toda a comarca unida a prol da reciclaxe

Os concellos da Mancomunidade da Coruña confiaron en Oleiros a realización das xestións necesarias para xestionar as subvencións que a Unión Europea ten dispostas para solucionar o inxente problema dos residuos sólidos urbanos.

Os actuais niveis de consumo e a evolución da vida cotián están xenerando un problema que non tiñamos hai algúns anos: a enorme produción de residuos, tanto

orgánicos (restos de alimentos) como inorgánicos (maiormente embalaxes de produtos, pero tamén outros materiais que desbotamos logo de utilizalos).

A decisión da Mancomunidade de utilizar os fondos «Pomal», que a UE dedica a proxectos de recuperación medioambiental, respalda as difíciles negociacións que a moitos niveis leva realizado o Goberno Municipal de Oleiros, sufrindo a incompreensión e vaibéns doutras institucións e mesmo os intereses políticos de quen toma un problema tan importante como motivo de liorta: ó fin vese como o tempo dá a razón a quen a ten e a sensatez

volve ó rego que nunca debeu abandonar.

O caso é que se solicitan fondos á Unión Europea para mercar contenedores adecuados á separación en orixe, camiós de recollida adecuados ás novas fórmulas de tratamento dos residuos, e para realiza-la campaña informativa e educativa encamiñada a invitar a tódolos veciños a que colaborem neste formidable reto que é desbotar para sempre os vertedoiros de lixo e conseguir dar nova vida ós materiais sobrantes que é posible volver a utilizar.

Estes acordos foron ratificados por tódolos concellos da área metropolitana da Coruña, agás o da capital, que non quixo compartir cos demáis a xestión do lixo.

## Confían no noso traballo

O Concello de Oleiros asume a xestión dos plans porque a nosa administración é a máis desenvolvida para abordar unha tarefa deste tipo. Os funcionarios de Oleiros demostrarán unha vez máis a súa eficacia ó organizar administrativamente tódolos trámites legais que hai que poñer en marcha para beneficio de toda a Mancomunidade. Créase un órgano de contratación no que estarán representados tódolos municipios.



## O teu can segue sen pedirche «caca»

Xa o sabemos: Quérelo coma se fose un fillo, pero non consigues ensinálo a pedir «caca».

Tamén sabemos que é moi cómodo sacalo de paseo e non preocuparse por donde deixa o seu rastro.

Pero tí tamén sabes que os xardíns e aceras quedan feitos unha porquería con tanto can defecando. E moitos veciños chaman ó Concello porque se sinten molestos de que os espazos públicos estén tan porcos.



Cando fai caca, **recóllea** nunha bolsa de plástico e tíra-a nun contenedor.

Porque a todos nos gustan os cans.

**Pero tamén nos gustan os espazos públicos limpos.**

**E lembra: o can, sempre da cadea.**

## Comeza a reforma do Pazo de Lóngora

Lóngora será a sede do Instituto do Medio Ambiente da Universidade, e ademáis un dos seus edificios máis senlleiros, xa que unha das súas partes será destinada a residencia de profesores ilustres ou convidados que visiten a institución docente. Arrodeado do futuro

Parque Metropolitano, a un tiro de pedra do espazo verde da Igrexa de Liáns, e a remozada Avenida de Ché Guevara... e o propio engado histórico do edificio fixeron ó Rectorado da Universidade apostar polo romántico lugar como sede científica e de representación.



Medalla de Ouro da Universidade da Coruña ó Concello de Oleiros

## A UDC dá as gracias ós veciños

A colaboración que os veciños de Oleiros prestan constantemente á Universidade da Coruña mereceu a recente concesión ó Concello da Medalla de Ouro.

No acto de entrega das medallas, presidido polo rector Xosé Luis Meilán Gil, e acompañando á alcaldesa de Oleiros, Esther Pita, tomaron parte tamén outros representantes de organismos galardonados, como a condesa de Fenosa, Carmela Árias e Díaz de Rábago; o primeiro rector da UDC, José Antonio Portero; o director de Caixa Galicia, José Luis Méndez; o presidente da Deputación, Augusto César Lendoiro, e o presidente do Grupo Voz, Santiago Rey.

## Case un Campus en Oleiros

A vocación residencial de calidade é moi compatible cunha aposta polos servizos públicos, dos que a Universidade é un exemplo vivo, pois é a institución encargada de impartir-la formación superior e implicarse socialmente na investigación e a tecnoloxía, claves das apostas competitivas da economía actual.

Os edificios dun campus deben estar, ademáis de ben equipados, ubicados nun entorno amable e tranquilo, onde o estudo e a escola se produzan nas mellores condicións.

O modelo de crecemento experimentado polo noso concello cae de cheo nas necesidades dunha institución como a Universidade da Coruña. Oleiros leva camiño de se converter un campus, pois aquí xa existen o Instituto de Educación Física, o Centro de Divulgación Ambiental do Castelo de Santa Cruz e o que será o Instituto do Medio Ambiente da UDC. Unha vocación universitaria da que se benefician os veciños, pois os estudantes son tamén unha fonte de riqueza.

# ¿Quen frena o paseo de Mera?

O goberno central segue dando largas a esta importante obra litoral

A reforma integral da liña litoral de Mera recibe unha nova larga do Ministerio do Medio Ambiente, que dirixe Isabel Tocino, do Partido Popular.

Pese ás constantes promesas de que a obra ía ser levada adiante sigue durmindo nun caixón do Ministerio. A última larga consiste en solicitar unha nova reforma do proxecto, algo que inqueda e desespera, porque os veciños ven que a obra non acaba de materializarse en presupostos e acción.

A fins do pasado ano, a alcaldesa e varios técnicos do Concello viaxaron a Madrid co obxectivo de impulsar-lo proxecto, do que os veciños de Mera non volveran a ter noticias.

O desexo de construí-lo Paseo de Mera nace oficialmente no ano 94, en que o Concello tivo que realiza-lo proxecto, xa que do contrario o Ministerio nen sequera se plantexarían abor-la obra, pésia ser da súa

competencia e estar realizando obras deste tipo en toda España.

Son xa tres as reformas que o estado require ó Concello, dun proxecto que está aprobado polo ministerio desde 1995.

En principio puxeran unhas retenciones de deseño urbano que foron compartidas polo concello, polo que se modificou o proxecto para adaptalo ós requerimentos ministeriais.

Non obstante, xa hai meses, o Concello fixera unha suxerencia, en vista do retraso que están acumulando as obras: que se puidese **executar unha primeira fase**, para que os veciños de Mera dispoñan canto antes de parte da súa fachada marítima adecentada e ordenada.

Esa primeira fase, entre o Mirador de Santa Ana e a parada de taxis, (donde o Concello xa adquiriu o solo) é a máis importante desde o

punto de vista urbano, pola súa conexión coa rede viaria e mesmo co Parque da Lagoa, un conxunto ambiental no que quedará integrada o novo Paseo tra-la súa recuperación.

**¿Cál será a próxima discupa para para-la construción?**



## Pasarela ó Castelo de Santa Cruz

Construíra-se ó tempo que se restaura o paseo perimetral da illa

A madeira será a protagonista da transformación do Paseo de Santa Cruz, un espazo urbano ó que se engadirá unha pasarela para cruzar ó Castelo e facelo máis operativo para as funcións que se lle reservaron na nova etapa: ver por fin cumprido o obxectivo de transformalo nun centro de divulgación ambiental, polo que veciños e Concello vimos loitando tantos anos.

Nesta ocasión parece que vai en serio a implicación doutras administracións. A Xunta, a través da súa consellería do Medio Ambiente, e a Universidade, que converteu a Oleiros nun dos seus focos de expansión preferidos, están facendo cuña co goberno municipal

para que o castelo por fin teña un valor positivo que faga esquecer definitivamente a súa función militar e comece a ser o símbolo do respecto ó medio natural.


Ademais de ser un foco de atracción e divulgación do nome de Oleiros máis alá da nosa comarca, os veciños beneficiarán-se da transformación que supón a nova pasarela, un engado máis para os centos de cidadáns que pasean por Santa Cruz a diario e especialmente os fins de semana.

A nova ponte posibilitará acceder á illa en calquera momento, pero sobre todo, aportará á paisaxe marina do porto un novo elemento que realizará a súa bucólica imaxe: unha ponte de madeira, concebida e

deseñada para integrarse de maneira discreta e amable co entorno natural no que se vai encadrar.

A ponte partirá da praciña central do paseo (onde está actualmente o monolito co logotipo do Ceida) e chegará moi perto da porta da fortaleza, cabo do embarcadero. Unha vez na illa, a instalación de madeira terá continuación darredor do castelo, para completar un paseo único por un lugar que xa de por sí gusta a todos.

O feito de rachar o illamento do castelo suscita unha certa polémica entre os veciños de Santa Cruz, que todos agardan que se supere debido ó adecuado deseño da ponte, como á funcionalidade que se gana.



### Recollida de Lixo

Horario para deposita-lo lixo nos contedores:

**De 9 da tarde a 12 da noite**

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos

Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas.

Todos queremos un Concello limpo

Recollida de **Chatarra**. Tif. 981 63 1184

#### Para tirar papel:

**Perillo:** Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiaqueiro. **Mera:** Colexio Luis Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

#### Para tirar vidro:

**Perillo:** Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswaldito). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos.

Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

#### Animais domésticos

Se vostede ten cans, non os leve caibos, xa que poden molestar a alguén. Procure que non defequen nas rúas, e se o fan, leve un papel ou bolsa de plástico, recolla o «resultado» e tire-o nun lugar adecuado.

**Lembra que non se pode tira-lo lixo a calquera hora**

(nen sequera nun contenedor).



**ABERTO DE 9 A 12 DA NOITE**

(Excepto sábados e vésperas de festivos)

**QUEN NON ATENDA ESTE HORARIO ESTARÁ DEMOSTRANDO O POUCO RESPETO QUE TEN POLOS DEMAIS**





## Mellorará o entorno da praia máis visitada da comarca Comeza a recuperación da traspraia de Bastiagueiro

A praia de Bastiagueiro seguirá sendo o estupendo areal de sempre. Pero será máis cómodo, máis agradable, máis accesible, e arrodeado de espazos verdes e libres para o esparcemento. Construíra-se un paseo de madeira, unhas pontes para salva-lo río, recuperárase a súa ribeira, carrís bici, paseos peatonais, conectaránse todo o

entorno con Ché Guevara e tamén co futuro Parque Metropolitano.

A praia quedará así conectada e formará un conxunto co principal pulmón do Concello: un espazo que chegará ata Montrove e o alto de Perillo, e que incluíra os bosques que arrodean a igrexa barroca de Santa Aia de Liáns e o cercano Pazo de Lóngora.

A obra forma parte do ambicioso plano municipal para recuperar entornos naturais que aínda non foron moi deteriorados pola especulación. O Concello conseguiu que a Dirección de Costas do Ministerio de Obras Públicas (hoxe transferido a Medio Ambiente), executase a obra, xa que éste é o departamento competente na costa.

As xestións para que Bastiagueiro comezase a ser realidade non foron fáciles: moitas visitas a Madrid e moita constancia municipal, que tivo que modificar en varias ocasións o proxecto, ata que por fin, non tiveron desculpa: Bastiagueiro comezou a transformarse e con él Oleiros logra un novo trunfo.

## A vexetación convirte Ché Guevara nun bulevar

Bastiagueiro tamén ten as súas prolongacións. Duas atractivas pasarelas peatonais voarán por riba da Avenida de Ché Guevara; unha á altura do INEF, e outra entre a glorieta e a rúa dos Niños, que recuperarán o vello camiño que desde Liáns e Perillo conducía polo interior á praia.

Comezaron xa as obras de axardinamento da avenida, unha obra municipal que a administración autonómica retrasou máis do previsto, ó deixar as zonas verdes cheas de escombros e sen terra. Ademais, os espazos para realizar prantacións quedaron cheos de cemento, e os restos de botes de pintura espallados no leito do río de Bastiagueiro, lonxe da vista da avenida.

Aínda así, axiña estará plétórica a avenida, chea de árbores que en poucos anos recuperarán a imaxe frondosa e engaiolante que tiña a principal vía de comunicación do concello. Elo, unidos ás aceras, o carril bici e ás diferentes rotondas que regularán o tráfico cara ás novas urbanizacións convirten a esta vía nun novo exponente de calidade.

¿Será un dos proxectos «estrela» do PP? — A Xunta autorizou unha concesión á empresa «Elecnor»

## Oito xigantes eólicos amenazan Dexo

Seixo Branco está de novo amenazado por unha acción relacionada coa Xunta de Galicia. O pasado 10 de marzo publicábase no Diario Oficial de Galicia a autorización a unha empresa eléctrica para instalar 8 xigantescas torres eólicas en Seixo Branco, no que será futuro Monumento Natural.

Despois das denuncias públicas do Concello, a propia consellería de Industria apresurouse a desmentir a instalación dos xigantes eólicos, pero o DOG é ben claro: a acción está autorizada.

Sobre este mesmo lugar prodúxose o pasado ano unha ameaza inmobiliaria, ó ser adquiridos terreos por unha empresa madrileña ó seu anterior propietario, o Ministerio de Defensa.

Demóstrase así a dobre moral da Xunta de Galicia, moi activa daquela á hora de paralisar o expediente de Defensa, e agora permisiva para esa instalación enerxética. De poder levarse a cabo este plan, quedaría destruído o ecosistema natural e paisaxístico máis completo e interesante de que dispón o Arco Ártabro.

No DOG explicitábase, porén, que a empresa deberá obte-los permisos municipais pertinentes, que baixo ningún concepto serán outorgados, dado que esa zona goza dunha

protección absoluta no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oleiros, que o reserva como paraxe natural. O Concello sorpréndese de que os técnicos tanto da consellería de Industria como da empresa «Elecnor», en favor de quen se realiza a concesión non consultaran as posibilidades de levar a cabo esta acción cos datos municipais que impiden este tipo de accións en lugares protexidos polo seu alto valor natural.

Neste momento a propia Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente está a apoiar a inclusión de Seixo Branco na Rede Natura 2000 de Espazos Naturais europeos, unha iniciativa municipal para garantir que ninguén poida no futuro empregar o territorio de Seixo Branco para outros usos especulativos, como pretendía a devandita empresa madrileña.

O Goberno Municipal de Oleiros preguntá-

ta-se que será de Seixo Branco se cambiara, nun futuro, a composición da corporación municipal. En vista das constantes visitas de conselleiros e outros cargos públicos autonómicos, a pregunta que se fan moitos veciños é se poderemos ver algún día ó líder local do Partido Popular poñendo a primeira pedra do futuro polígono eólico de Seixo Branco, que dé a puntilla definitiva á paraxe máis significativa do Ártabro.

Resolución do 2 de febreiro de 1999 pola que se aproba o plan eólico estratéxico presentado pola empresa Elecnor, S.A. chamado P.E.E. Elecnor.

Examinado o expediente instruído a pedimento de Elecnor, S.A., con enderezo para efectos de notificacións en r/ Edison, nº 8, polígono industrial A Grela, 15008 A Coruña, sobre aprobación do P.E.E. Elecnor; esta dirección xeral ten en conta os seguintes:

### Antecedentes de feito

Primeiro.—Con data do 26 de maio de 1998, Guillermo Planas Roca, en nome e representación de

As características principais do P.E.E. Elecnor que foron sometidas a información pública son:

Nome	Municipios	X	Y
A Marola	Oleiros	552.750	4.805.300
		553.950	4.805.800
		553.940	4.806.000
		555.395	4.806.130
		555.550	4.805.870
		556.400	4.806.360
Monteagudo	Carballo e Laracha	556.800	4.805.500
		552.900	4.804.800
		528.300	4.795.000
		530.850	4.796.400
		535.800	4.794.750
		536.200	4.799.530

# Os cruces do Seixal e Clube de Tenis transformarán Nós

A reforma da N-VI ó seu paso por Nós está a piques de comezar. Dous pasos a diferente nivel, outras tantas rotondas e unha nova vía para conecta-la estrada xeral coa A9 serán os obxectivos da obra, que persigue eliminar parte do tráfico existente agora na Costa da Tapia, do veciño Concello de Cambre.

Supoñerá unha transformación radical do tramo entre os cruces do Seixal e o do Clube de Ténis. A popular «raqueta» dará tamén acceso á nova urbanización «O Vieiro» e ás concorridas instalacións deportivas do clube.

As novas construcións terán forma de escaléctico, e resolverán tamén a problemática conexión entre a N-VI e a estrada de Abegondo e Cecebre, que agora se realiza no mesmo Seixal.

Unha vez reformado, do cruce do Clube de Tenis partirá unha vía cara ó sur, case

en paralelo á Costa da Tapia, pero pola parte interior. Como consecuencia, o cruce do Seixal soportará moito menos tráfico, que decorrerá entre o medio soterramento da vía e unha nova glorietta distribuidora.


Esta obra, impulsada desde o Concello, e financiada polo Estado, foi redactada conxun-

tamente polas oficinas técnicas municipal e de Fomento, con obxecto de preservar a calidade do resultado final desde o punto de vista urbanístico.

Para o cruce da «Raqueta» chegou a firmarse un convenio mediante o que o Concello puido poñer a disposición do Ministerio un

**Construiráanse dous pasos a diferente nivel, dúas rotondas e unha nova vía para conecta-la N-VI coa A9**

terreo de uns 10.000 m<sup>2</sup> para realizar a importante obra que transformará esta ampla zona de Nós, sobre todo ó facer diminuí-la concorrencia de vehículos nese cruce urbano da N-VI a Costa da Tapia, e O Graxal de Cambre, unha urbanización moi poboada que conflúe alí. A todo elo hai que engadi-lo aumento futuro da poboación desa zona, como consecuencia da edificación de «O Vieiro» e a urbanización do novo Graxal de Oleiros, que se construírá entre a liña litoral e a propia estrada N-VI.



A Xunta leva 8 anos prometendo-as, pero ten que construílas o Concello

## Por fin, aceras entre Río da Veiga e Casa do Pobo de Nós

Unha vez máis, o Concello tivo que facer frente a unha obra que non é da súa competencia, senón da Xunta de Galicia, organismo do que depende a estrada da parroquia da Nós que une o Río da Veiga coa Casa do Pobo da localidade, na Praza da Libertade.

Alí ubícanse os edificios comunitarios como a Igrexa e o camposanto, unha escola infantil, pistas polideportivas, o campo de Chave e os diferentes salóns multiúsos da Casa do Pobo, así como un consultorio médico.

Trátase, por tanto, do lugar máis utilizado polos habitantes da parroquia. A Asociación de Veciños «Os Rueiros», cansa de chamar á porta da Xunta de Galicia — propietaria da estrada—, e de escoitar innumerables promesas electorais do PP nunca cumpridas, optou por solicitar ó Concello a realización desta importante obra.

O Goberno Municipal, en vista do abandono da Consellería de Obras Públicas, decidiu aborda-la construción, debido á masiva afluencia de cidadáns por esa vía, e á crecente incorporación de novos veci-

ños á parroquia, gracias ás novas urbanizacións ubicadas en Nós.

Os tramos xa realizados, foron feitos por varios veciños que tiveron que urbanizar diante das súas fincas.

Gracias á calidade urbana que se persigue en todo o noso término

municipal, estes propietarios deben executa-los seus correspondentes tramos de aceras, xa que, ó construír, tamén se benefician dun entorno moi coidado e dotado de tódolos servizos, froito do esforzo veciñal.



## «O Vieiro», expansión residencial do Seixal

A zona do Clube de Tenis non só se verá mellorada pola importante obra viaria que alí terá lugar. Xa están comezando as obras da Urbanización O Vieiro, un conxunto urbano que abranque unha importante zona a ámbalas marxes da estrada N-VI, tanto cara á estrada de Abegondo como cara ás instalacións deportivas do Clube de Tenis.

Haberá vivendas unifamiliares nunha ampla zona, e algúns conxuntos de baixo e dúas prantas, e baixo e tres prantas.

Unha parte das vivendas de «O Vieiro» — que toma o nome dun camiño próximo— serán de protección oficial, e por tanto serán vendidas a prezos controlados. O Concello fará todo o posible por que a concesión desas vivendas se realicen prioritariamente a veciños de Oleiros.

**A urbanización facilita espazos verdes e intégrase na nova ordenación viaria**





A Xunta decide construíla despois de que o Concello anunciase a súa contratación

## Os mariñeiros de Lorbé terán por fin a súa nave de traballo

En vista de que a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Pesca, non daba atendido convenientemente ós mariñeiros de Lorbé, o Concello comezara os trámites para contrata-la nave.

Despois dunha reunión para última-los detalles da concesión da súa explotación á Confraría de Pescadores, a consellería de Pesca dixo que sería ela quen se faga cargo da obra, anque se sigue co proxecto desñado polo Concello. O

presuposto acada os 17 millóns de pesetas.

A nave construíra-se nunha parcela existente no centro do porto, e constará de 20 almacéns dotados para o tráfico mariñeiro máis ordinario, en especial gardalos seus aparellos de pesca, que agora se atopan ciscados por todo o peirao e sen as mínimas garantías de seguridade, de tal xeito que moitas redes sufrían deterioros por quedar á intemperie.

Desde 1991 que foi inaugurado

o novo porto, e que foi prometida a construción da necesaria instalación portuaria, a Xunta non mostrara interese ningún pola dotación. Tivo que anuncia-lo Concello a construción para que en Santiago se lembraran do proxecto e decidiran executalo.

Tráta-se da máis vella aspiración dos mariñeiros de Lorbé, a quen lles gustaría tamén que dun xeito definitivo a Xunta se prante-xase aborda-los accesos ó porto cunha nova estrada.

### E A GRÚA NON FUNCIONABA

*Unha grúa pola que os mariñeiros de Lorbé levaban anos agardando instalouse por fin no porto. Houbo fotos dos cargos do PP local e paseo dalgún mandamás da Xunta. Pero esqueceron-se de conectala á corrente eléctrica e armaron un bó cachondeo no porto, especialmente cos labores de «izado» dun buque afundido para o que foi preciso chamar dúas potentes máquinas. «Habería que lles face-la foto na grúa, pero colgados dela», exclamaba indignada, pero con bó humor, unha veciña. Ós poucos días, a grúa xa tiña corrente.*



O BARCO, AXUDADO POR OUTRAS GRÚAS

Os mariñeiros de Lorbé queren axudar ós propietarios do buque afundido, para o que abriron unha conta de solidariedade na Caixa Galicia de Mera. O C/C é: 300.088.2053-1, a nome da Confraría de Pescadores de Lorbé. Poden ingresar alí a súa aportación.



Están edificando-a nunha parcela cedida polo Concello en Caavamontes

## A estafeta de Correos constrúese a bó ritmo

Vai para arriba a nova instalación que Correos edifica nunha parcela cedida polo Concello en Caavamontes.

Como se lembrará, o servizo oficial de reparto de correspondencia abrirá un despacho dotado de tódolos servizos, para que realizar calquera xestión sexa un labor doado e sinxelo. Alí haberá venda de selos, espazos para certificar correspondencia, servizo de paquetería, despacho

para xiros, e o resto dos servizos que ofrece esta entidade pública.

Ademáis, segundo os responsables de Correos, a nova estafeta estará dotada de infraestrutura e almacéns suficientes para garantir un eficaz reparto da correspondencia nos concellos de Oleiros e Cambre. Agardamos que así deixemos de padece-los retrasos deste servizo público.



## Constrúese o novo Centro de Saúde de Santa Cruz

Ubicado Parque Luis Seoane de Santa Cruz, entre as rúas Rafael Dieste e O Saber, o novo Centro de Saúde permitirá xubila-las actuais instalacións do centro de urxencias e o consultorio médico da localidade, unha solución provisional que hai xa moitos anos tivera que adoita-lo concello en vista das necesidades de atención médica primaria da localidade.

O novo Centro de Saúde conta con 1.100 m<sup>2</sup> de consultorios e salas, e está edificándose nunha parcela de 2.055 m<sup>2</sup> cedida polo concello, con tódolos servizos urbanísticos (auga, electricidade, aceras, accesos, etc.).

Pasaron moitos anos desde que o Concello crease as actuais instalacións. Fóron moitas as reclamacións e demandas realizadas ante a Consellería polo Concello e a Asociación de Veciños «Santaia» para acadar este edificio que colma-las necesidades sanitarias desta zona do municipio.

## Unha ampla zona verde arrodeará a Igrexa O novo cemiterio de Dorneda estará listo en poucos meses

Comezan xa as obras do novo camposanto de Dorneda, unha instalación íntegramente municipal que poderá ser utilizada por tódalas familias, terá nichos suficientes, e sobre todo, terá uns prezos públicos regulados polo Concello, para impedir que ninguén faga negocio a costa da morte.

Ademáis de todo elo, a construción do novo cemiterio supoñerá a transformación da área que

arrodea a Igrexa de San Martiño, un espazo que quedará semellante ó realizado na de Liáns, donde tamén se construíu un camposanto de propiedade pública.

Á zona propiamente de nichos, unirá-se outra destinada a aparcamento, e a servizos propios do camposanto, para que todos nos atopemos cómodos cando imos lembrar os mortos ou dedicar unhas flores na súa memoria.

Tamén se ordenará urbanísticamente todo o entorno da igrexa, para convertilo nun lugar agradable e en consonancia co resto do municipio.

O espazo no que se vai intervir abrangue 11.000 m<sup>2</sup>, e o investimento total que o concello vai dedicar a este importante proxecto, chega ós XXX millóns de pesetas para a súa primeira fase.





## O Concello inicia coas empresas os trámites para a súa implantación

# Novas liñas de transporte de viaxeiros

O transporte público de viaxeiros por estrada é unha das preocupacións máis patentes dos veciños de Oleiros, compartidas por todos a través do Concello. Lugares bastante poboados que non teñen acceso ás liñas actuais, problemas de frecuencias, deficiente información de percorridos e horarios... unha chea de problemas que o Concello ten intención de ir resolvendo, incluso subvencionando ás empresas mentres os novos itinerarios non se converten en rentables.

O Concello iniciou xestións coas empresas de transporte que traballan no termo municipal para a creación de novas liñas e incrementa-las actuais frecuencias dos autobuses, para acadar unha mellora xeral dos servizos. As xestións están impulsadas pola concelleira de Gobernación, María Xosé Varela.

Un estudio realizado polo municipio fixa as parroquias do norte —

Serantes, Maianca e Dexo— e o interior — algunhas zonas de Nós e Iñás— como as máis deficitarias en canto a servizo de viaxeiros. O obxectivo municipal é que tódolos veciños dispoñan dunhas frecuencias mínimas de unha hora de intervalo entre autobuses, algo que agora non ocorre.

En canto á zona interior —Nós e Iñás— preténdese a creación dunha liña entre A

Coruña, Perillo, Seixal, Vilanova, Os Vilares, Iñás, Campamento e Oleiros, que percorrería boa parte do interior do concello alonxada da estrada N-VI. Así mesmo, tamén permitiría conectar eses núcleos coa capital municipal, que se consolida como un centro de servizos administrativos.

Tamén un novo servizo sería entre A Coruña e Oleiros utilizando a estrada de Franzomel e Abeleiras, unha das poucas de importancia que hoxe conta con só tres servizos de autobús diarios. En canto ás parroquias do norte, o obxectivo que se prantexa é xestionar un aumento de frecuencias. Tamén se pretende crear un servizo novo desde Lorbé a Oleiros,

pasando por Maianca, Arillo e Abeleiras.

Noutra orden de cousas, melloraránse os servizos informativos, para o que se aproveitarán as marquesinas e paneis urbanos, así como as novas paradas, e nos que se reflexarán os novos horarios do transporte, anque se mantén a idea de non utilizar as marquesinas como soportes publicitarios.

O Goberno municipal mostrouse aberto a sufragar unha parte dos gastos das novas liñas, mentres dure o período de implantación e os usuarios se acostuman os novos servizos, xa que un dos obxectivos municipais é fornecer Oleiros dun transporte público de alta calidade.



## Solucionan o cruce das Pedreiras

# Por fin, pódese entrar ben en Os Regos

Xa iba para un ano desde que o Concello entregara á Xunta de Galicia os terreos necesarios para construí-la rotonda das Pedreiras, na estrada que une Montrove con Oleiros.

Mesmo parecía que a consellería de obras públicas non ía comezar nunca as obras, e tras varias insistencias municipais, por fin vímonas máquinas traballar na solución dun cruce que preocupaba sobre todo ós veciños da Urbanización dos Regos.

Un lugar moi conflictivo para o tráfico, xa que alí conflúen os vehículos que se desprazan desde O Carballo (NVI) a Santa Cruz e ós Regos, tanto os veciños da urbanización como os que acoden ó seu centro comercial. Tamén afecta ós que circulan pola estrada xeral de Perillo a Sada. Na zona de influencia deste cruce atópanse tamén os Colexios Cristo Rey, A Rabadeira, e o futuro centro de Ensino Medio de Oleiros.

Os veciños da urbanización ven resolto o seu acceso rodado á nova glorieta, sen ter que da-la volta ó outro lado da Pasaxe

## Ábrese unha nova rúa no Hábitat

A nova ordenación viaria da Pasaxe, en Perillo, traía consigo un problema para os habitantes do Hábitat, unha urbanización construída a fins dos 70 no mesmo entorno da ponte.

A configuración urbana da antiga finca «Guyatt», ademais de posibilitar novas edificacións de vivendas na zona, e a construción do Centro Cultural e deportivo «A Fábrica», trouxo consigo a solución para que os veciños do Hábitat poi-

dan acceder á nova glorieta de Santa Cristina para tomar dirección norte (cara á propia praia de Santa Cristina, a Santa Cruz ou ó Alto de Perillo).

Ademais das cesións de terreos propios da nova urbanización, foron varios os veciños que cederon parte das súas propiedades para posibilitar esta obra. O Goberno Municipal, en nome de tódolos veciños beneficiados, agradece a amabilidade con que saudaron a

iniciativa, e cederon os seus terreos. O Concello restaurara os pechos que había que derrubar, e todos ganamos unha vía en boas condicións, as necesarias para dignificar unha zona que próximamente recibirá un novo impulso coas novas instalacións da «Fábrica»: teatro, escola de música e danza, piscina, Casa da Xuventude, e outras instalacións que próximamente se completarán co acceso ó Paseo marítimo, pola parte traseira.

Gracias á nova rúa, os veciños do «Hábitat» poderán acceder á nova glorieta. De non ser así, para coller a estrada de Santa Cruz terían que da-la volta ó outro lado da Pasaxe.



## A estrada ganhará en seguridade

# Un veciño dona unha casa para tirar en Agra

Unha curva de escasa visibilidade no lugar de Agra, da estrada que vai de Mera a Lorbé, desaparecerá gracias á donación realizada por un veciño dunha casa que se mete excesivamente na estrada. Gracias a esta donación, o edificio será derrubado e permitirá a eliminación da peri-

gosa curva que dificulta a circulación rodada e tamén afecta á seguridade peatonal.

Gracias a esta acción, de grande xenerosidade por parte do propietario, elimínase un tapón urbanístico que afectaba moito á comodidade ó volante.

tema central

Varias iniciativas inmobiliarias e financeiras para que os veciños de Oleiros non teñan que irse a vivir fóra

# Vivendas a prezo razoable

Varias zonas do Concello serán lugares para vivir a prezos máis baixos que os do mercado. Moitos veciños de Oleiros de toda a vida, dos que loitaron desde hai anos para que este municipio fose un exemplo de calidade estable vendo que os seus fillos tiñan que irse vivir fóra. O Concello, consciente deste problema de moitas familias veciñas, tomou varias iniciativas para que en Oleiros se constrúan vivendas de prezo moderado e baixo. Por unha

parte, a través do Instituto Galego da Vivenda e do Solo, se están facendo ós convenios asinados coas promotoras que constrúen no termo municipal. O resultado está comenzando a aparecer e están construíndose unha importante cantidade de vivendas a familias con menos recursos. Para acceder a estas vivendas a preferencia os veciños de Oleiros.

## PREZOS ECONÓMICOS PARA AS FAMILIAS CENSADAS EN OLEIROS

O concello decidiu que numerosas vivendas se constrúen pensando en que as familias de Oleiros con menos recursos, non teñan que irse a vivir a outros concellos, e poidan disfrutar aquí dun entorno de calidade que eles mesmos, co seu esforzo, conseguiron. As vivendas son de prezo protexido, moi por debaixo do custo das construcións de promoción libre.

Hai pouco, un dirixente veciñal da Coruña dicía «A Coruña acabará sendo un suburbio de Oleiros». A frase, impactante como poucas, mereceu un titular de «La Voz de Galicia». O fondo da cuestión era o urbanismo de calidade que se practica en Oleiros, en contraste con todo o seu contorno.

Pero este novo urbanismo ten os seus males: encarece considerablemente o prezo da vivenda, polo que moitos cidadáns —maiormente fillos de oleirenses que casan e inician vida— teñen que ir vivir fóra.

## CAL SERÍA A SOLUCIÓN

¿Cómo podíamos atallar este problema? Sobre todo, impulsando a construción de vivendas de promoción pública —como xa fixéramos en Arillo, unha urbanización modelica de vivendas sociais de protección oficial e libres—, e tamén mediante acordos coas constructoras: un mínimo do 10% de casas e pisos de cada urbanización, destinara-se ós oleirenses con menos recursos para acceder a unha vivenda con prezo de mercado libre, pero disfrutando do mesmo entorno de calidade urbanística.

## ASÍ XURDE MESÓN DA AUGA

Unha gran urbanización pública será Mesón da Auga, promoción situada acaron da

N-VI, no Carballo, dentro da parroquia de Nós. En total, serán 185 vivendas, das que 110 serán unifamiliares en parcelas de 300 m<sup>2</sup> cada unha, construídas de dúas en dúas, según o sistema de «pareadas». O prezo destes chalés está fixado na actualidade en 141.594 pts./m<sup>2</sup>.

O resto da promoción está composta por 75 vivendas en edificios de baixo e 3 prantas, con zonas verdes privadas. Deles, 58 poderán adquirirse a 113.275 pts./m<sup>2</sup>. Os 21 pisos restantes son de réximen especial, polo que teñen un prezo fixado de 96.248 pts./m<sup>2</sup>.

Esto quere dicir que polo que costa hoxe un piso de promoción libre en Perillo ou Santa Cruz, poderase adquireir un chalet de uns 135m<sup>2</sup>. Un piso de 70 m<sup>2</sup>, por exemplo, costa 7.929.250 pts., e un de 90m<sup>2</sup> costa 10.194.750.

Se o piso é de réxime especial, costaría 6.739.880 se é de 70 m<sup>2</sup>, e 8.665.560 se é de 90.

As posibilidades de acceder á compra destas vivendas está limitada pola cuantía dos ingresos familiares, que se modularán en función do número de membros da unidade familiar.

Para a súa adquisición, ademais, prevese a concesión de créditos hipotecarios con período de amortización de 20 anos, e cuns intereses que oscilarán entre un 3,5% e un 4,5%, en razón do tipo de vivenda e os ingresos familiares.

## OUTROS LUGARES DE OLEIROS CON PREZOS TAXADOS

Esta iniciativa non se limita só a Mesón da Auga. Diversas promocións de vivendas dispoñen, gracias á iniciativa municipal, dun 10% das súas construcións a prezos protexidos. Na maioría dos casos, a construción está escomenzando ou a piques de iniciarse. Estes lugares son:

En Perillo: 15 vivendas no

Areal, 21 en Beiramar e 29 en Caavamontes; en Santa Cruz 12 na primeira fase das Galeras e 52 en Romardeiro; Perto da Ría do Burgo hai previstas 16 vivendas protexidas no Seixo, e 22 en Icaria II. En Mera, construíran-se 11 na urbanización da zona do Nai-Pai, e na residencial Fonte do Ouro de Oleiros, 21.

Así mesmo, están pendentes de tramitación actuacións a curto prazo no Vieiro (O Seixal), con 35 vivendas protexidas; na Igrexa Nova de Santa Cruz, 55, e na Fonte de Perillo, 20 vivendas.

En total, 494 vivendas a disposición de quen desexe quedar a vivir nun Oleiros cada vez mellor.

## UNHA OFICINA DE INFORMACIÓN

Atentos, porque con estas medidas xurde unha boa ocasión de conseguir unha vivenda en Oleiros a bó prezo. Tódolos interesados en adquirir unha destas vivendas deberán cumprir os requisitos esixidos pola Xunta, sobre todo relacionados coa renda anual e as necesidades de vivenda.

**O Concello habilitará unha liña de información ós veciños para dar conta de tódolos pormenores necesarios para acceder a estas vivendas. Os habitantes de Oleiros poderán seguir residindo aquí, dispoñendo dos múltiples servizos e arredados dun entorno urbano que, presigue, ante todo, a calidade de vida.**



NESTA ZONA DO CARBALLO CONSTRUIRASE A URBANIZACIÓN «MESÓN DA AUGA»

## AS VIVENDAS DE PREZO TAXADO

Nome	Lugar	Nº
Mesón da Auga	O Carballo-Nós	185
Areal	Perillo	15
Caavamontes	Perillo	29
Beiramar	Perillo	21
O Seixo	Ría do Burgo	16
As Galeras-I	Sta. Cruz	12
Romardeiro	Sta. Cruz	52
Icaria-II	Montrove	22
Nai-Pai	Mera	11
Fonte do Ouro	Oleiros	21
<b>En tramitación</b>		
Fonte de Perillo	Perillo	20
O Vieiro	O Seixal-Nós	35
Igrexa Nova	Sta. Cruz	55
<b>Total</b>		<b>494</b>





# le Oleiros nabile

lo, e por outra, gracias  
en urbanizacións no  
tarse: neste momento  
pisos e casas destina-  
estes beneficios, teñen



O EX-ALCALDE DE OLEIROS, MANUEL JIMÉNEZ HERRERO, E A ALCALDESA DESCUBREN UN BUSTO DE JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, O ACTIVISTA FUNDADOR DE «LA VOZ DE GALICIA»

## A Rabadeira xa gusta a todos

A transformación da praza da Rabadeira, en Santa María de Oleiros, resultaba polémica. Algúns malintencionados fixeran do estado anterior da praza un motivo de discordia no pobo, e había quen quería que simplemente se lle dese «unha man de pintura», e quen apoiaba a proposta municipal de que a praza medrara en dimensión e mellorara en aspecto.

Para zanxar as discusións fíxose o máis razoable: preguntar ós veciños, mediante unha con-

sulta aberta, qué se debería facer co simbólico espazo urbano de Oleiros. O resultado non deixou lugar a dúbidas: queremos unha praza máis grande e axardinada. E a decisión tivo unha rápida resposta municipal: o último día de xaneiro inaugurábase unha praza con parterres de césped, bancos, farolas e as veteranas árbores dignificadas con máis verdor e engado.

Un espazo que seguirá servindo para as celebracións festivas, para o mercado e para cal-

quer outra concentración popular, xa que reserva un gran espazo na súa parte central.

O Concello investiu na obra uns 19 millóns de pesetas, e a acción obrigou a eliminar unha das rúas —a Vía Norte— que se incorporou ó novo espazo para amplia-la súa superficie, que supera os 1.000 m<sup>2</sup>. O proxecto arquitectónico foi realizado por unha veciña do concello que estudia Arquitectura na ETS da Coruña, Pilar Romero Cajigal.

## «A Paxareira», para entidades de Mera

O senlleiro edificio da «Paxareira», construído cando se levantou a urbanización «A Pía de Maianca», foi entregado para o disfrute de entidades de Mera, como a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca, e o Clube de Remo Mariñeiro, da poboación norteña.

A esbelta edificación foi inicialmente concebida como observatorio de aves, un proxecto que non se convertiu en realidade e que será recuperado próximamente coa instalación na antiga Casa do Fareiro de Mera dunha Aula Ambiental para disfrute e o estudo de toda a riqueza natural do norte do concello.

A pranta baixa do edificio queda reservada para os operarios que se encargan da limpeza e o mantemento do Parque da Lagoa, e as dúas prantas superiores quedan para o disfrute veciñal.

Os merachos dispoñen doutras edificios sociais públicos como a Casa do Pobo, a Biblioteca, a Casa do Mar, e outros edificios educativos ós que axiña hai que engadir o vello cuartel da Garda Civil e o Faro. Despois da habilitación da Casa Labarta como escola infantil, a vella Escola de Cividáns será donada como sede do equipo de fútbol do Marino.




## Nova vida ás fontes de Vigo, Arillo e Iñás



FORTE DE VIGO, EN LORBÉ



FORTE DE ARILLO, EN DORNEDA



FORTE DE IÑÁS

A fonte de Vigo, en Lorbé, quedou con este fermoso aspecto logo da súa restauración e recuperación do manancial. Na liña do realizado noutros moitos lugares do concello, están a recuperarse unha chea de fontes, que aportan ós seus entornos uns agradables recunchos para o paseo e o lecer. Este ano, ademais da de Vigo, están a transformarse outras dúas: a de Arillo, detrás da urbanización Rialta, e a de Iñás, que tamén quedarán moi fermosas.



## Servicios sociais: atención para todos

O departamento de Servicios Sociais do Concello de Oleiros está a desenvolver numerosas e interesantes actividades. Os veciños poden asistir a cursos de realización de tapices, corte e confección, debuxo e pintura ou manualidades, ademais de encaixe de bolillos, cociña e alimentación e técnicas de relaxación. Esta última actividade é gratuita. Máis información nas Casas do Pobo ou Centros Culturais.

### ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE

Presentan tamén un programa específico para as Aulas da Terceira Idade. Ademais das actividades que se están realizando desde primeiros de ano (natación, ximnasia de mantemento e bailes de salón, así como ioga e relaxación e o Obradoiro de Memoria), desenvólvense tamén programas de excursionismo e sendeirismo polas rutas dos «camiños» de Santiago. Durante o mes de maio o itinerario desenvolverase polo Camiño de Portugal -visitando Panxón, Nigrán, Baiona, A Guarda, Vilanova de Cerveira, Caminha- e o Camiño Francés, con paradas no Cebreiro, Triacastela, Samos, Portomarin e Lugo.

Por suposto, o Centro-Fogar do Pazo de Arenaza segue aberto para todas aquelas persoas maiores de 60 anos que desexen pasar alí o día en compañía dos seus veciños. O Pazo estará aberto de luns a sábado, desde as 10:00 ás 18:00 horas. Os interesados, que contarán con transporte adaptado para os desprazamentos, poderán disfrutar de distintas actividades destinadas ó seu entretemento e ó coidado da súa saúde.

### Ó SERVICIO DOS MÁIS NECESITADOS

Ademais, o Concello seguirá contando cos **servicios de asistencia social no fogar, organizados en colaboración coa Cruz Bermella, que inclúen atención personal, doméstica e educativa a aquelas persoas que teñan que permanecer no seu domicilio. Tamén se seguirán distribuindo os bonos de alimentación para as familias con menores que dispoñan de escasos recursos económicos, que poderán ser solicitados no Departamento de Servicios Sociais. Máis información no teléfono 981 61 0000.**

## un concello vivo

## Obras municipais para seguir mellorando

A rúa **Rafael Alberti**, situada no centro de Santa Cristina (Perillo) verá mellorada a accesibilidade dos seus veciños gracias a un investimento de 3,1 millóns de pesetas para ordena-lo tráfico, construír unha glorieta, ordenar unha parcela de propiedade municipal alí existente, e completa-lo axardinamento do conxunto. A decisión é froito das demandas veciñais, que se queixaron en varias ocasións das molestias que se producen debido á alta densidade de visitantes nocturnos que rexistra o lugar.

No norte do municipio paviméntase a rúa **Seixo Branco**, en Serantes, na que o concello inviste 1,2 millóns de pesetas, e que posibilitará un tránsito máis doado. Tamén en Mera comezarán axiña as obras de realización das **aceras e un muro na Casa do Pobo** da localidade norteña. En Maianca tamén se asfaltarán a rúa **a Broño**, que costará 3 millóns e medio de pesetas.

**Iñás** tamén verá mellorada a súa rede viaria gracias ó asfaltado da rúa **do Castro**, un antigo camiño do casco urbano que permitirá o desenvolvemento do solo existente no núcleo do Caño. Costará cáseque 2 millóns de pesetas.

Tamén se pavimenta o camiño da **Seixebra**, en Santa Cruz; constrúense **arcéns no Carballo**; paviméntanse as rúas **Loural e Gosende**, por importe dun millón de pesetas, e o **Camiño das Castranelas**, en Dorneda; a rúa do Sendero, en Montrove, que costa 2,1 millóns; e a **dos Tileiros**, en Liáns, así como o alameda público en dúas rúas de **Santa Cristina** e será acondicionado o sotarrego da sede da Fundación Municipal de Cultura e as oficinas municipais de Servicios Sociais, no edificio Obelisco da capital municipal. Tamén se realizan os accesos á Praia de Naval. Así mesmo, ábreanse os arcéns no importante tramo semiurbano que vai desde **Coruxo** á urbanización **Os Regos**, o que equivale a dicir que mellora a seguridade peatonal entre a estrada de Montrove a Oleiros e a Avda. de Ché Guevara, importante tramo moi utilizado no verán.

Tamén entra neste capítulo o asfaltado dunha praciña

dentro da finca da quinta **Rialda**, sede da Biblioteca Central.

Tamén se contratou o alumeadado do cruce que dá acceso á Urbanización **Rialta**, no mesmo paquete que os tramos de alumado da **Rúa do Faro**, en Iñás; **A Cruceira** e entre Breixo e Lourido Grande, en Dorneda; **As Mapoulas**, en Nós; **Jiménez Herrero**, en Dexo; **Subiña**, en Serantes; **Illa do Portelo e Río do Campo**, en Maianca e **As Anduriñas**, en Montrove.

Saen tamén a contratación a mellora da Rúa **O Pardiñeiro**, con case un millón de pesetas; a apertura de **Os Cabaleiros á Seara**, con case dous; e os asfaltados de **Os Galgos e A Croa**, en Dorneda, por un importe de tres millóns e medio. Tamén se contrata a rúa **Os Xuncos**, en Nós, por importe de 2,2 millóns.

Outras importantes obras que están a piques de se licitaren son a ampliación do parking da igrexa e cemiterio de **Santa Aia de Liáns** (a vella), cunha finca adquirida de uns 10.000 m<sup>2</sup>, que será necesario arborar e harmonizar para que pase a formar parte do actual conxunto, un dos recunchos máis senlleiros do Concello, presidido pola pequena edificación barroca.

Tamén será contratada a construción do Parque Ibarrola, de **Montrove**. As ruínas do vello pazo, que ardera hai anos, serán convertidas nun parque de corte intimista e romántico, que formará parte das áreas públicas do núcleo de Montrove, un dos que máis medra na actualidade no territorio municipal. Estas dúas últimas obras acadan un investimento de 21 millóns.

As obras de dotación de auga e alcantarillado ó núcleo de **O Broño** (Maianca) están a piques de realizarse. É unha importante obra de infraestrutura, valorada en 26 millóns de pesetas. Realízase en colaboración coas comisións de veciños, ás que o Concello sufraga cun 50% do investimento previsto. Está previsto que o próximo pleno aprobe a realización desta infraestrutura que beneficiará a un dos poucos lugares ós que non chegan as redes de sumistro de auga e alcantarillados.

### Unha rede galega para sumar esforzos

## Cooperación de Oleiros, un compromiso global

*Moitos pensan que non podemos facer nada ante as desgracias humanitarias que decote vemos polo mundo a través dos medios de comunicación. Non é así. Tódolos veciños de Oleiros están aportando algún esforzo a resolver pequenos anacos da vida cotián de moitas*

*personas que naceron na parte máis desfavorecida do mundo.*

*Amáis das axudas ó desenvolvemento que cada ano se otorgan a través das Organizacións non*

*Gobernamentais máis solventes, actualmente asistimos á consolidación dunha iniciativa moi útil para redoblar esforzos a prol dos irmáns que máis o necesitan.*

*Tráta-se do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que impulsou o Concello de Oleiros e do que agora forman parte case 40 entidades, que representan aproximadamente o 33% da poboación de Galicia.*

*próximas ós cidadáns.*

*Durante 1998, o primeiro ano de operatividade, a actividade subvencionadora do fondo foi de só de perto de catro millóns de pesetas, pero para este ano xa se aprobou unha aportación de cáseque 7 millóns.*

*ós que padecen as inxustizas económicas do mundo actual.*

*Do Fondo forman parte numerosos concellos, entre os que destacan os das máis importantes cidades de Galicia (Vigo, A Coruña, Ourense e Santiago), así como a*



### FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

*Este diñeiro irá destinado á construción dun muíño en Nicaragua; un proxecto de desenvolvemento ecoturista en Bolivia; a construción dunha escola en Angola; e a instalación de emisoras de radiocomunicación entre poboacións indíxenas en Perú.*

*A estas axudas únense as que os diferentes concellos de Galicia ofrecen directamente seguindo as súas propias iniciativas. Neste sentido, Oleiros é o principal convocante de axudas, que o veñen sendo, ano tras ano, de 10 millóns de pesetas para facilitarlle-la vida*

*Deputación de Pontevedra e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi). A rede de solidariedade está moi presente na comarca coruñesa, pois ademais de Oleiros e a capital, tamén participan Culleredo e Arteixo.*

*No seu labor divulgativo o FGCS organizou unha exposición itinerante sob o lema «¿Solidariedade? A Fondo», que percorreu numerosas cidades. Ademais conta co seu propio espazo na revista «Territorios», da Federación Galega de Municipios e Provincias.*





## Oleiros brilou en «Galiemprego»

O CMF «Isaac Díaz Pardo» montou o mellor stand da feira

A frase «Oleiros en acción» dominou o exterior do espazo co que o noso concello foi representado na feira «Galiemprego», celebrada en Santiago. O eslogan do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo «Traballamos para que tí traballes» protagonizou tamén o expositor, no que se facía unha pormenorizada descrición das políticas postas en marcha polo Concello

para loitar contra o desemprego.

Oito metros cadrados diron para mostrar diversas áreas nas que se explicaban as actividades do Centro, desde a función asesora ata as diferentes especialidades, que ocupaban tres monolitos luminosos. A nova Escola-Taller A Carballeira, en colaboración coa Fundación Juana de Vega ou a función social dos talleres dedicados a

construír mobiliario urbano para os parques e as rúas de Oleiros tamén tiveron o seu protagonismo.

Tamén se explicaba proceso de recuperación da quinta Rialada, a través dun audiovisual sobre a conversión da vella edificación arruinada na espléndida biblioteca central do Concello. O stand destacou pola súa vistosidade, e mereceu a felicitación de todos.

## Novos cursos para veciños desempregados

Cinco novos cursos para outras tantas especialidades están impartíndose no Centro Municipal de Formación Díaz Pardo de Oleiros.

Unha chea de xoves parados poderán aprender experimentando os oficios de albanel, cantería e pedra artificial, pintor de edificios, ebanista ou cociñeiro. Cursos que teñen diversas duracións, que van das 500 horas (cen días lectivos) para os pintores de edificios, ás 920 (154 días) dos cociñeiros. Tamén deu comezo o de instalador de «Pladur», para 15 mozos.

O importe dos cursos ascende a máis de 45 millóns de pesetas, que fundamentalmente se invisten en personal docente as e materias primas necesarias para facer do curso un lugar de experimentación e práctica, como é habitual neste centro.

Tódalas persoas en situación de desemprego que poidan resultar interesadas nesta convocatoria, poden informarse no Centro, se ben os rexistros públicos de parados xa dispoñen dunha orientación previa para seleccionar ós beneficiarios destas iniciativas que pretenden a inserción laboral a partires da formación, único xeito de exercer-la loita contra o desemprego.

Ademais destes cursos reglados, o centro programa outras actividades formativas complementarias, e mesmo exerce unha dinámica de constante contacto coas empresas que puideran empregar ó personal que pasa polos filtros formativos organizados aquí. Constatase que o nivel de éxito laboral dos desempregados beneficiarios destes cursos aumenta de maneira considerable.

## «A Carballeira» comeza a andar

Cuarenta e cinco mozos de entre 16 e 24 anos comezaron a dar vida á Escola-Taller A Carballeira, que formará ó personal nas especialidades de Auxiliar de viveiro forestal, bioxardinería e viveirista de pranta autóctona. A Escola-Taller está organizada polo Centro Municipal de Formación «Isaac Díaz Pardo».

O programa ten unha duración de un ano. Primeiro, os alumnos recibirán formación teórico-práctica da especialidade na que están inscritos. Despois alternarán a teoría co desenvolvemento de traballos prácticos.

As obras a realizar son de manenemento en xardíns municipais e tamén a construción dun viveiro forestal na finca A Carballeira, na parroquia de Nós, parte da cal

pasou a ser propiedade municipal a través dun convenio urbanístico asinado coa Fundación Juana de Vega. A finca ten unha extensión de 25.000 m<sup>2</sup>.

Ademais dos coñecementos propios de cada especialidade, os alumnos recibirán clases de educación compensatoria para que os que non o teñan accedan ó Graduado Escolar, e formación sobre xestión empresarial.

Os nove profesionais que levarán a cabo este proxecto son un director, un administrativo, tres mestres de especialidade, cadanseu mestre de educación compensatoria e xestión empresarial, un tutor e un enxeñeiro técnico agrícola. O orzamento do proxecto é de 63,6 millóns de pesetas.



## Dona Xoana, protagonista

A principal protagonista desta iniciativa é Dona Xoana de Vega, unha muller que finou hai máis de cen anos, e que veraneaba en Nós. Ela estivera casada co xeneral liberal Espoz y Mina, un navarro que fora destinado á Coruña e que engatou á moza, filla dun rico e progresista comerciante vilán.

Ó morrer o seu home, a muller gardou o seu corazón nun frasco, co que dormía, tal era a ferverza da súa paixón. Ela, que aínda despois vivira moito tempo, dedicou a súa vida ás boas obras e a difundir os principios liberais que compartía co militar, desde a súa tertulia de damas, na rúa Real da Coruña. Chegou a ser chamada pola corte para contribuir á educación de Isabel II.

Cando finou, Xoana deixou como herencia un desexo que agora cumpre o Concello: converti-lo seu pazo de Nós en escola de capacitación agraria. Os tempos mudaron, pero a vontade ahí está: cumprido o desexo dunha dama esgrevia.

**Se tes máis de 60 anos, o Pazo de Arenaza é teu\*.**

*\*de 9 da mañá a 6 da tarde.*

**Infórmate:**

Servicios Sociais  
Concello de Oleiros  
**Tlf. 981 61 00 00**

PAZO  
**Arenaza**  
PORQUE O MERECEES TODO

**¿Eres Obxector de conciencia?**

*¿Estás censado en Oleiros?*

**Pois podes prestar aquí o teu Servicio Alternativo.**

Infórmate na Casa da Xuventude (Rúa Darwin, 1. Perillo)  
**Tlf. 981 63 5769**



Instalados 385 sinais cos nomes dos lugares

**¡Xa sabemos dónde vivimos!**

Trescentos oitenta e seis novos sinais quedaron instalados xa en todo Oleiros, para que os vellos nomes dos lugares pervivan na memoria colectiva. Costaron ó Concello vinte millóns e medio de pesetas.

A gran cantidade de persoas que veñen vivir a Oleiros, e o gran número de visitantes que teos, fixo necesario abordar este plan, posto que coa progresiva desaparición dos hábitats tradicionais debido ás novas urbanizacións e núcleos, os nomes dos lugares podían ser esquecidos. Esa finalidade cultural complementa outros obxectivos dos sinais como son facilita-la ubicación dos transeuntes e que a localización dos enderezos, etc.

Sinalizáronse 87 lugares, 9 parroquias, 6 lugares de interese paisaxístico, 2 puntos panorámicos, 3 itinerarios, 10 restos «paisaxísticos ou panorámicos», 11 igrexas e 20 obras senlleiras de arquitectura civil, todos eles puntos sinalizados. Os sinais, teñen 11 cm. de diámetro, e son de forxa de 2 mm. de espesor, e mide uns 2,20 metros de alto.

«77 xeitos (divertidos) de achegarse a un libro»

## Bibliotecas vivas

O Sistema de Bibliotecas está a desenvolver unha ampla programación cultural e de ocio nas súas diferentes sedes. Durante estes meses os veciños poderán participar en distintas actividades, relacionadas coa lectura e outras manifestacións culturais.

A Biblioteca Central «Rialeda» de Perillo presentará unha serie de actividades dirixidas a tódalas idades. Os máis pequenos están a disfrutar dos contos narrados por Golfinho Nina e Pardela Cincenta na «Hora do Conto», que comenzou o mes de marzo e prolongarase durante maio, outubro e novembro.

Durante os mesmos meses, tódolos usuarios desta biblioteca poderán asistir a fóruns e a tertulias, donde reflexionar e dialogar sobre distintas obras literarias.

De cara ó 17 de maio, Día das Letras Galegas, a Biblioteca Central «Rialeda» está a organizar un concurso de contos e narracións curtas infantís e xuvenís en galego. Nel poderán participar tódolos rapaces e rapazas desde terceiro de Educación Primaria ata COU ou segundo de Bacharelato. Os nenos e nenas menores de 8 anos tamén poderán celebrar ese día a través dunha Exposición de Debuxos sobre algún conto ou historia que coñezan.

### PARA OS CENTROS DE ENSINO

A Biblioteca «Rialeda» tamén organiza actividades dirixidas ós centros de ensino públi-

Por segundo ano consecutivo publícase «O Conto Viaxeiro», confeccionado polos nenos das Escolas Infantís do concello.



### TÍTULOS

- A historia da poza e de Xan.
- A lúa de queixo.
- A tartaruga Matilde.
- Dous peixes aventureiros.
- O cabaliño curioso.
- Os piratas no castelo.
- Unha visita á Biblioteca Rialeda.

cos. Así, os alumnos recibirán a visita das «Maletas Viaxeiras», cheas de libros, e poderán asistir a esta biblioteca para coñecerla mellor e para ver os libros como algo ameno. «O Conto Viaxeiro» permitiralles ós nenos e nenas de educación infantil e de primeiro e segundo de Primaria das Escolas Públicas de Oleiros contar e ilustrar o seu propio conto, que percorrerá as súas aulas.

Outras actividades que celebrará esta Biblioteca durante os vindeiros meses están constituídas por exposicións bibliográficas, encon-

tros con escritores e as reunións do «Clube de Lectores Rialeda».

### FORMACIÓN DE USUARIOS EN SANTA CRUZ

A Biblioteca Pública Municipal «Rosalia de Castro» de Santa Cruz tamén organizará a chamada «Hora do Conto», e distintas tertulias literarias, así como exposicións bibliográficas e encontros con escritores. Ten especial importancia o I Programa de Formación de Usuarios, que instruirá a alumnos de Primaria e de ESO sobre o funcionamento dunha Biblioteca.

## Os pais infórmanse para afronta-la etapa adolescente dos seus fillos

«¿Que lle pasa ó meu fillo que xa non quere saír connosco de paseo e busca calquera oportunidade para estar fora da casa?. ¿Por qué a miña filla, antes tan aberta e cariñosa é agora recelosa e agresiva?».

Estas e outras preguntas son algunhas das cuestións que tódolos pais, con fillos adolescentes, prantéxanse nunha ocasión. Para tratar de axudar, tanto a pais como educadores, a comprender e mellora-la situación pola que atravesamos o rapaz chegada esta etapa, é polo que a Concellería de Cultura e Ensino puxo en marcha o programa «Adolescencia: unha etapa de cambio na vida».

Este programa, dirixido por Valentín Escudero, da Universidade da Coruña, foi dirixido a familias e profesorado de rapaces de ESO, e tenta facilita-la reflexión colectiva de pais e profesores co obxectivo de mellora-la comprensión do adolescente desde a perspectiva adulta.

A batalla dos deberes, a actitude diante das malas notas do rapaz, o mal comportamento no centro de ensino ou o «fracaso escolar» e as súas consecuencias, son algúns dos temas que se abordarán dentro deste programa. Tampouco esqueceron outros aspectos importantes desta etapa como é a colaboración familia-centro escolar, o mundo dos adolescentes —amizades, cartos, saídas, actividades—, a sexualidade e os riscos e medos propios desta etapa que merecen especial atención.

Cada participante recibiu un pequeno caderniño no que se abordan os diferentes aspectos a tratar no programa.

«Adolescencia: unha etapa de cambio na vida», ten lugar no novo centro cultural de Montrove en sesións de dúas horas. O programa, que é a primeira vez que se realiza, está coordinado por Valentín Escudero, profesor da Facultade de Ciencias de Educación da Universidade da Coruña e conta coa colaboración de Rafael Sánchez Fernández, membro do Departamento de Orientación o I.E.S. Neira Vilas, de Perillo.

As persoas interesadas en participar neste tipo de actividades, aunque non chegaran a tempo para participar nesta, poden entrar en contacto co departamento de Educación do Concello, no teléfono do Veciño (981 610 000). Alí recibirá canta información precise sobre sucesivas convocatorias.

Forma parte dun plan para restaurar varias pezas de arquitectura popular

## Recupérase en Dexo o vello muíño

O vello muíño de Dexo será rehabilitado gracias á iniciativa municipal de incluílo lo Plan de Recuperación da Arquitectura Popular. Tráta-se dunha vella instalación que leva xa anos abandonada e hoxe está cuberta de maleza.

Recupera-lo muíño de Dexo responde á intención de que non se vaia perdendo o patrimonio que pertence á memoria colectiva dos lugares, para que no futuro se coñezan detalles importantes da vida dos devanceiros, como neste caso era o costume de moer mediante este mecanismo ecolóxico, axudado pola forza do río.

Neste proxecto investiránse case 2 millóns de pesetas. Outras iniciativas vencelladas a este plan do concello son a restauración das antigas vivendas do Castelo de Santa Cruz, así como a cuberta do edificio; a reparación do peirao posterior da illa do Castelo, tamén en Santa Cruz, a restauración da Casa do Arxentino, en Mera; a recuperación dun alfar nas Torres de Santa Cruz, e a rehabilitación da Fonte do Couto.





**Por fin abreu as súas portas o novo Centro Cultural de Montrove. O tempo deu a razón ó Concello, e así todos podemos gozar dunhas instalacións modernas e de alto nivel. Foi mágoa non telo edificado hai varios anos, como pretendía o Goberno Municipal.**

Os veciños xa poden disfruta-lo novo Centro Cultural

## Montrove xa ten o seu foro

### LETRAS 99

Un ano máis, as Letras Galegas foron protagonistas dunha semana no mes de Maio.

Nesta ocasión, o xornalista Blanco Torres, asinado polos franquistas durante a guerra civil española, foi lembrado en tódalas escolas e institutos de Oleiros grazas ás numerosas actividades que teñen lugar nos centros educativos. O Concello quixo contribuir á conmemoración editando un libríño biográfico sobre o homenaxeado, para que todos os escolares do concello dispoñan de documentación sobre a figura do esgrevio intelectual ourensán.

Ademáis desta edición, preparouse un programa de actos case coincidentes coa inauguración do Centro Cultural «Fábrica», xa que este ano a conmemoración das Letras tocaba en Perillo.

Alí houbo, coma sempre, de todo. Desde artesanía ata música e danza no novo auditorio. A guinda puxérona as mulleres de «Leilía», que están acadando un grande éxito alá donde tocan, e convertíndose nunha nova dimensión da música tradicional de Galicia.

O edificio releva na súa función cultural ó vello Tele Clube de Montrove, e á súa inauguración acodiron centos de veciños da localidade, unha das que máis medra actualmente en Oleiros.

O novo edificio é como un gran balcón sobre a ladeira na que se asenta Montrove, e tamén moitas das novas urbanizacións que fan deste lugar da área metropolitana un punto de indubable atractivo habitacional (Icaria, Lamastelle, Montrove, Dos Regos...).

O Centro Cultural de Montrove foi a solución que deu o Concello á decadencia do anterior edificio social, que databa da época franquista dos famosos «teleclubes».

Na nova sede teñen espazo tódalas entidades sociais, culturais e deportivas do pobo, e amplios locais para desenvolver-las actividades de animación sociocultural programadas tanto pola Fundación Municipal de Cultura, como polo departamento de Servizos Sociais do Concello. Conta para elo cun amplo salón de actos, un ximnasio,



MÚSICA DE CORAIS NO SALÓN DE ACTOS DO NOVO CENTRO CULTURAL

aulas, cafetería, un gran patio exterior a xeito de praza —a diferente nivel que a rúa, para que os máis novos poidan xogar sen perigo dos automóviles—, e unha biblioteca do Sistema municipal.

As súas liñas contemporáneas e as amplas xanelas dan ó novo centro un aspecto futurista e moi na liña dos novos espazos que están a cre-

arse en Oleiros. É o décimo centro social existente no concello, e está ubicado nun núcleo que contará en breve cun novo gran parque darredor da capela, cando acabe de restaurarse a Finca Ibarrola, un lugar de especial simbolismo para todos cantos viven desde hai anos neste núcleo urbano.



A exposición itinerante sobre o urbanismo dos últimos anos

## «Oleiros desde o ceo»

Unhas 200 fotografías dispostas en máis de 70 paneis explicativos servirán para que os veciños de Oleiros coñezan o espectacular desenvolvemento urbanístico do noso concello nos últimos anos.

O fondo de fotografías aéreas realizadas desde o ano 1947 servirán para estudar cómo era Oleiros historicamente, cómo foi cons-

truíndose na época negra (anos 60 e 70), cando primaba o caos e o desorden, e cómo se chega ó novo urbanismo municipal, que fixo de Oleiros un exemplo de crecemento en harmonía co medio natural e á medida do home.

A exposición, que se inaugurou o día 1 de maio en Santa Cruz, percorrerá o concello de norte a sur.

Cada fin de semana estará nun lugar: o 8 e 9, en XXXX; o 15 e 16 en Perillo; o 22 e 23 en XXXX; o 29 e 30 en XXXX, para pechar o 5 e 6 de xuño en XXXXX.

En aqueles lugares que non visita a Exposición será disposto un servizo de autobuses para trasladar ós veciños que desexen asistir a vela.

«Oleiros cos cinco sentidos», un libro que recolle a vitalidade cultural de Oleiros

## Cultura explícase

Saber qué ocorre en Oleiros con eso que chamamos cultura é máis doado desde que a Fundación Municipal de Cultura editou o libro «Oleiros cos cinco sentidos»

A publicación contén datos moi interesantes acerca das actividades e infraestruturas culturais, deportivas e de ocio que os cidadáns de Oleiros temos o privilexio de disfrutar.

Despois de repasar unha a unha tódalas parroquias do municipio, e describi-las súas

infraestruturas e entidades cidadanas, o libro describe os presupostos destinados á cultura nos últimos anos, e aprofunda en todo canto azo de vitalidade social existe no Concello: os grupos folclóricos, as corais, os clubs deportivos, a chave, o importante apoio á educación, a completa rede de bibliotecas, as Apas, a programación cultural e deportiva, as artes plásticas, os monumentos, o centro de formación municipal coa súa atención preferente ós parados, os obradoiros ocupacionais nos que participan tantas veciñas e veciños, as atencións solidarias do Concello cara ós cidadáns do mundo menos privilexiado, e os importantes proxectos que o municipio ten en marcha. Unha morea de datos que estes días se reparte por todo o Concello.



Novo instituto de Oleiros, ampliación de varios colexios e diversa infraestrutura deportiva

# Obras para disfruta-la cultura

Foron xa adxudicadas as obras de infraestrutura cultural máis importantes do ano, que continúan a converter a Oleiros no concello con mellor dotación escolar e cultural de Galicia.

A construción do novo instituto de ensino medio da capital municipal e a ampliación, cun edificio de nova pranta, do Colexio Isidro Parga Pondal de Santa Cruz.

O centro de ensinanzas medias de O Real está licitado neste momento. Trátase do terceiro instituto, para servizo dos alumnos do interior do municipio, que se levantará nunha parcela de 11.400 m<sup>2</sup> situada no centro urbano da capital municipal (Avda. de Miguel Hernández, que une Oleiros e O Carballo). Este novo centro terá 16 unidades.

En canto ó Parga Pondal de Santa Cruz, será dotado dun novo edificio xa contratado, que incluírá 6 novas unidades para educación primaria, instalacións específicas para comedor escolar, e vivenda para o conserxe. Tamén se ampliaron aulas para novos usos no Instituto Neira Vilas, de Perillo, aproveitando unha sección dos patios do edificio.

A estas obras hai que engadi-la apertura, o día 15 de maio, do Centro Cultural «Fábrica», perto da Pasaxe. Alí ubicara-se un conservatorio de música e danza, unha piscina, un centro para actividades náuticas, un teatro e a nova Casa da Xuventude. «Fábrica», que se converterá nun referente cultural de primeira liña e forma parte da recuperación da imaxe urbana de Perillo, recupera o vello edificio da factoría productora de cervexa. Un edificio no lugar denominado «Muelle do Inglés», que conecta a zona urbana de Guyatt-Pasaxe co novo paseo marítimo de madeira contiguo ó Parque José Martí.



TERREO PARA O FUTURO INSTITUTO DE OLEIROS



A AMPLIACIÓN DO INSTITUTO NEIRA VILAS, DE PERILLO



PISTA POLIDEPORTIVA DO CARBALLO



PISTA POLIDEPORTIVA DE DEXO

## O deporte tamén é cultura

A cobertura da Pista Polideportiva da Urbanización dos Regos inicia unha morea de obras que se contrataron hai pouco tempo. A pista será dotada de teito e de vestiarios para tódalas persoas que desexen facer deporte. O importe da iniciativa é de 26 millóns de pesetas.

En Perillo, o concello inviste 4,1 millóns de pesetas na remodelación das gradas do colexio Valle Inclán e o asfaltado de parte do patio para xogos. Xa se sabe que o Concello non ten competencias nestes centros pertencentes a Educación, pero sempre é bon mellora-la comodidade dos

nosos fillos.

No norte, dedícanse 2,5 millóns de pesetas a mellora-las gradas da Pista de Atletismo de Canide, que forman parte do complexo escolar e deportivo municipal. Tamén o cerramento da Pista Polideportiva de Lorbé, cun orzamento que sobrepasa os dous millóns, e a mellora da polideportiva de Xoez, cun investimento de millón e medio de pesetas.

No interior, cubrirea-se a Polideportiva de Iñás, unha obra que costa 26 millóns de pesetas.

En canto ós campos de fútbol, prosegue a

súa mellora integral por parte do Concello. A instalación de vestiarios e un ambigú no Campo de Fútbol de Mera, que costarán cinco millóns de pesetas, complementáase coas obras no Campo do Condús, en Oleiros; a primeira fase desta obra custa 25 millóns, e consiste en construír gradas, vestiarios e servizos, así como mellora-lo campo de xogo. Tamén se destinan 5 millóns a mellora-los vestiarios do Hércules de San Pedro. Tamén serán realizadas obras de mellora no campo de Montrove, por valor de 22 millóns.

Luis Boyano e Migallas participan na programación escolar, que quere acerca-los nenos á escea

## Teatro nas aulas

A Fundación Municipal de Cultura organiza a Semana do Teatro Escolar que començou o pasado 26 de abril e desenvólvese ata o 4 de xuño por tódolos colexios públicos, institutos e escolas infantís do Concello.

Luis Boyano co seu espectáculo sobre o euro e Migallas Teatro con «Canta connosco» son as actuacións das que tódolos nenos do municipio poden disfrutar. No espectáculo de Luis Boyano mestúrase a maxia e o humor e, ó través de xogos e actividades didácticas, explícanse as características e funcionalidade da moneda única e a súa equivalencia respecto á peseta. Boyano tenta deste

xeito divulga-lo euro e a toma de conciencia que vai supór este cambio. Ademais, tamén se recalcara ós nenos a importancia de axudar ós seus avós á hora de face-las contas para a transformación da nova moeda.

Pola súa banda o grupo Migallas Teatro interpreta as cancións do seu disco «¡Canta connosco!», envolvendóas nunha acción dramática que complementa os seus contidos. Nesta peza mestúranse cancións infantís de aire tradicional, xunto a un rap, unha cumbia, un reagge, un pasodobre, unha canción africana ou unha anaina, sen esquecer o tema instrumental folk.

En «¡Canta connosco!» aparecen varios personaxes que resultan moi próximos ós rapaces e que introducen cada canción cun diálogo onde se tratan temas como os xogos tradicionais e colectivos fronte á televisión e os videoxogos; os xoguetes bélicos e sexistas; animación á lectura; a importancia do uso do galego, a ecoloxía, a cultura tradicional, etc.

Descubrir, sentir e participar da maxia da interpretación; despertar as capacidades de expresión tanto ca palabra como co corpo e manter relacións con nenos e profesores doutros centros son os obxectivos que se perseguen coa Semana do Teatro.

Nos anos que se leva facendo esta actividade, sempre se obtivo unha boa resposta tanto por parte do alumnado como do profesorado, o que move á Fundación Municipal de Cultura a continuar coa mesma. Malia os elevados gastos que a Semana do Teatro Conlewa, a Fundación aposta pola súa continuidade dentro das súa preocupación por colaborar sempre co mundo do ensino e axudando deste xeito a que Oleiros siga sendo un «Concello para vivir».



## Encara os tres cuartos de século con nova directiva e novos proxectos

# Marino de Mera: 75 anos tra-lo balón

O clube de fútbol Marino de Mera ten nova directiva desde o pasado outubro. Fernando García, o seu presidente, e 14 persoas máis, entre elas dúas mulleres, encaran con optimismo o futuro, a pesares da delicada situación que vive o clube. Ademais, o Marino celebra este ano o seu 75 aniversario. Foi en 1924 cando naceu o Sporting de Mera, que tres anos despois pasaría a chamarse como na actualidade.

Con motivo desta efeméride o Marino prepara para a primavera «charlas de xogadores importantes, exposicións de fotos históricas e outros actos no local social do clube, situado nos antigos parvularios de Mera, en Cividanes», segundo Fernando García.

Pero volvendo á xestión do clube, Fernando García, o seu presidente, lembra a difícil situación na que o atopou. A nova directiva tivo que encararse cunha «imaxe do clube moi deteriorada. Por iso, xuntámonos varios xogadores do mesmo e decidimos que a situación tiña que cambiar. Cando formamos a nova directiva atopámonos con que o clube tiña unha débeda de máis dun millón de pesetas».

Sen embargo, esta situación non os botou para atrás. «Non temos medo porque temos moitas ideas e ilusión», di Fernando García. Así, é o momento de establecer obxectivos e entre eles destaca «o traballo nas categorías inferiores. Queremos recuperar a canteira. Ademais, imos propoñerlle ó Concello que nos



reunamos para conseguir monitores e convenios con distintos clubes. O que queremos é que os rapaces do INEF nos boten unha man para a preparación física base».

A nova directiva tamén se propón outras medidas, como «adecentar os vestiarios coa axuda do Concello porque están moi deterio-

rados e que os rapaces teñan un sitio digno para xogar ó fútbol». Fernando García ve con optimismo o futuro e espera «manter ó equipo en Segunda Rexional e facer xurdir un clube con porvir e con xente da zona». Actualmente, o Marino de Mera ten 80 xogadores nas categorías de benxamín, alevín, infantil, xuvenil e

modestos.

Fernando García agradece o apoio do Concello e dos xogadores e colaboradores do clube, así como o da afición que é, segundo di, «a mellor das Mariñas. Dan moito ánimo e agradézolles que sigan asistindo ós partidos ó Campo do Xabrón».

### A VOLTA CICLISTA, UN NOVO ÉXITO

O 8 de maio tivo lugar a XI Volta Ciclista Concello de Oleiros, organizado polo departamento de Deportes e coa colaboración do Clube Ciclista Coruñés. A proba ten carácter nacional e internacional e contará coa participación dos mellores equipos de afeccionados e semiprofesionais da categoría elite e sub-23. Con esta volta ademais da promoción da activade deportiva, mantense ó concello dentro do circuito das grandes probas ciclistas de Galicia.



## Os surfistas teñen o seu local en Bastiagueiro

Os afeizoados ó surf contan desde comezos de ano cun novo local en Bastiagueiro. Todos aqueles que practican body-board e surf disfrutan do espazo dun antigo bar, convertido recentemente en local social.

Nel poderán gardar os seus equipos tódolos afeccionados ó surf e ó body-board, estean ou non federados. Este novo local tamén poderá ser utilizado como lugar de reunión e encontro entre eles.

Con esta medida o Concello de Oleiros segue co seu apoio ás actividades acuáticas, que tanta importancia teñen na zona. A praia de Bastiagueiro convertiuse nos últimos tempos nun lugar de ocio e disfrute a disposición de tódolos amantes da natureza e o aire libre, e en especial dos afeccionados ó surf e ó body-board.

## Tódolos deportes pasan por aquí

A segunda xornada de promoción de minibalonmán —organizada polo Departamento de Deportes e a Agrupación Deportiva INEF— celebrouse o 14 de maio. Para estas xornadas, os promotores da iniciativa levaron a cabo, nos meses pasados, unha campaña de divulgación deste deporte polos distintos centros escolares do municipio para dar a coñecer ós rapaces unha práctica deportiva diferente.

Por outra banda, durante o 15 e 22 de maio celebrouse unha concentración de fútbol-7 con equipos do Concello. O día 15 xogaron as categorías infantís e o 22, cadetes. A concentración tivo lugar no INEF. Tamén se clausuraron os Torneos de Fútbol Sala coa entrega dos trofeos de Copa e Liga, e o de Futbito.

Tamén no mes de maio, concretamente o día 29, celebrouse o primeiro Torneo Hockey Sala en colaboración co Adaxe Hockey Club. A finalidade desta nova iniciativa resposta ó obxectivo de promover unha xornada de convivencia ó redor deste deporte. Así, á marxe dos partidos programados, tamén están previstas actividades recreativas para que tódolos asistentes poidan disfrutar dunha xornada de esparcemento con actividades xogadas. No torneo participaron tres equi-



pos de categoría senior masculina, dous equipos de categoría infantil e tódolos rapaces que o desexaron, con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.

Tamén se clausuraron as Escolas de Natación do 2º trimestre nas que participaron alumnos de 1º e 3º de primaria dos colexios públicos do concello e das escolas infantís de Nós, Vilanova, Rabadeira e Castaño. Nesta sesión os alumnos demostraron o que teñen aprendido nestes meses e, ademais, recibiron unha camiseta como agasallo.

## As convocatorias do verán

Para o mes de xullo están previstas unha ampla programación de actividades deportivas. Son o habitual Verán Deportivo, con cursos de Vela e Remo, ademais da IX Bandeira de Traíñas, IX Regata de Bateis, V Trofeo de Patinaxe de Velocidade e o programa de Deporte de Verán que se clausurará no mes de agosto, mes no que tamén se celebrará a XXX edición do Torneo de Fútbol.

Ninguén cría que as obras da Pasaxe causarían tanta incomodidade

# Retención constante...

...e o PP non suprime a peaxe da Barcala

As obras da Pasaxe seguen a pervertir los ánimos dos cidadáns de Oleiros que cada día conflúen neste lado da ponte.


Tanto os que veñen do norte, como os de Santa Cruz, e os do interior (Oleiros, Iñás e Nós), sofren cada día as consecuencias de non levantar —aunque sexa provisoriamente— a peaxe da Autopista de entrada á cidade da Coruña, única

en España á que non se pode acceder por vía rápida sen pagar.

Desviar boa parte do tráfico desde O Seixal pola Costa da Tapia e a A-9 para entrar á cidade sería unha solución idónea, pois o importante número de vehículos que conflúen na Pasaxe sería dividido en dous: os que proceden de máis alá de Nós pola Autopista, e os que chegan de

Perillo e Santa Cruz, pola Pasaxe.

Pero non se pode obrigar a ninguén a ir por unha vía con peaxe, polo que o problema sigue concentrándose no acceso á ponte, donde é frecuente que as colas cheguen ó Inef e ó Graxal... en fin, **que vostede sofra como poida as consecuencias dunha nefasta planificación da obra.**



## A NOVA PASARELA DA GLORIETA DE SANTA CRISTINA

Este é o aspecto da nova pasarela peatonal que unirá ámbalas marxes da glorieta que dá acceso a Santa Cristina, na confluencia das avenidas Ché Guevara e Santa Cristina. Servirá para facer compatibles a seguridade peatonal coas necesidades de fluidez do tráfico rodado no punto máis conflictivo do Concello. Construirán-se outras pasarelas na Avda. das Mariñas e en Ché Guevara, perto de Bastiagueiro.

A Plataforma de Asociacións de Veciños critica á Xunta e ás empresas concesionarias

## Medran as queixas sobre o transporte público

Os veciños de Oleiros, a través da Plataforma de entidades veciñais que agrupa ás diferentes asociacións, criticaron, durante unha reunión celebrada o pasado mes de marzo o transporte público de viaxeiros.

«A Xunta non amosou vontade nengunha de regulamentar desde a base o servizo para beneficio da comunidade, permitindo a arbitra-

riedade das compañías», dín na nota, especialmente crítica coas empresas.

«O clima de abandono ós clientes habituais e a suxección exclusiva ás leis do mercado estival conleva unha gran despreocupación por este servizo público, xa que o cidadán non ten a información adecuada». Lembran ademais que a zona norte do territorio (Dexo, Maianca

e Serantes) depende practicamente do transporte particular, e non existen liñas regulares entre a capital municipal e os núcleos costeiros.

Fan asimismo referencia á falta de sentido metropolitano do concello da Coruña: «Ó final sae perdendo a calidade de vida dos cidadáns deste lado da ponte, e lamentablemente tamén a calidade global do tráfico e o medio

ambiente», pois no actual estado de cousas primase o uso do transporte privado.

Os veciños do Concello seguen apostando por un servizo público de transportes capaz de atraer o interese dos cidadáns, e reconece a boa disposición do Goberno Municipal, «que está disposto a axudar con tódolos medios ó seu alcance»

## «Xoecer», extranada polo pintado do cruce

Os veciños de Arillo, a través da Asociación «Xoecer», de Rialta, e do propio concello, denunciaron a deficiencia de acabado das obras que ven de remata-la Xunta de Galicia na estrada que vai de Santa Cruz a Mera, onde se realizou un pintado da calzada que pon en grave risco a circulación dos peatóns.

Ademais, o concello contratou a iluminación do cruce de acceso á urbanización, entre outros moitos tramos nos que se instalarán novas farolas. A principal estrada que atravesa a parroquia de Dorneda, e que dá acceso á maior concen-

tración urbana da mesma —Arillo—, foi recentemente arraxada, grazas á ampliación do seu firme. Pero en vez de preservar algún espazo nos arcéns para a circulación dos peatóns, a ampliación afectou unicamente ó espazo de carrís reservados para os automóviles.

Nos tramos onde hai aceras, non presenta nengún problema, pero sí nos lugares onde a administración autonómica non fixo aceras, tal e como acontece no cruce de Arillo. Co recente pintado, a zona quedou exenta de arcéns e pasos de peatóns.

O concello demandará da Xunta de Galicia que se constrúan aceras, como xa se fixo noutro tramo anexo. Pero se isto non é posible, solicitará o repintado da zona, preservando un certo espazo para a circulación de peatóns nese tramo semi urbano, xa que é o que dá acceso a Rialta.

Os veciños non comprenden cómo os técnicos da Consellería realizaron ese labor de pintado, coma se este lugar non fose habitado por xente que camiña ó saír das súas casas.



Anque que se cumprían tódolos requisitos, non houbo indulto por culpa do PP coruñés

## Indignación pola exclusión de Gelo das eleccións

Existía en Oleiros certa esperanza de que Angel García Seoane se puidese presentar ás eleccións municipais do próximo mes de xuño.

O que fóra candidato da Alternativa dos Veciños noutras eleccións municipais solicitou varias veces o indulto da condega que rescinde os seus dereitos democráticos de elixir e ser elixido.

Como se lembrará, Gelo fora separado da alcaldía de Oleiros o 18 de xullo de hai tres anos, despois de eliminar unha morea de pedras da praia de Santa Cristina, á que acusadores e xuíces chamaban «muro de mampostería granítica». Esas pedras retiráronse tras cumprir tódolos requisitos legais, pero as presións de algúns dos especuladores de antano para separar a Gelo da alcaldía eran tan fortes, que acabaron dando os seus froitos.

O alcalde deixaba o seu posto para cederlo á segunda na lista da Alternativa dos Veciños, Esther Pita, de quen agora é o principal asesor.

Posteriormente, Gelo solicitou o indulto ó goberno varias veces, pero nen o PSOE nen o PP tiveron a ben concederllo, aunque sí indultaban a persoas con graves delitos económicos ou relacionado co tráfico de drogas... toda unha mostra da equidade da Xustiza.

O movemento veciñal de Oleiros constituído en asemblea aberta a través da Alternativa, reafirmou estes días a Gelo como presidente do grupo veciñal e director da política municipal que construíu o actual Oleiros. Os concelleiros que os veciños elixan o vindeiro 13 de xuño continuarán realizando o seu labor oficial con García Seoane como máximo dirixente. / **Membros das Asociacións de Veciños.**

### INTERVÉN O DEFENSOR DO POBO

O «Defensor del Pueblo» tamén entrevistou no asunto. Nun escrito dirixido a Gelo sulina que «dadas las especiales circunstancias que concurren en su caso y, sobre todo, teniendo en cuenta el tiempo que hace que Vd. presentó su solicitud de indulto, esta institución ha decidido solicitar la colaboración del Ministerio de Justicia en orden a conocer cual es la situación en que se encuentra su expediente de petición de indulto».

García Seoane solicitara xa por segunda vez o indulto a petición dos veciños de Oleiros, expresada a través dos órganos da Alternativa dos Veciños e das diferentes asociacións veciñais, deportivas e culturais de Oleiros. Na primeira ocasión, o Goberno central, de signo socialista, negárase a concederlle a gracia solicitada.



# Oleiros quiere

As obras que contén esta lista foron solicitadas en varias ocasións

Cont

20

preguntas sen res-

## **DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Presidente: D. Augusto César Lendoiro)**

— ¿Cando se van mellora-los arcéns e construí-las aceras dos seguintes lugares?

- Mera, entre Pinar do Río e Urbanización A Pía
- Desde Praza da Rabadeira a Coruxo
- Desde o Centro Cultural das Torres a Franzomel
- Desde a Edreira ó Centro de Oleiros-Real
- Na Gairoteira e O Repicho
- Do Piñeiro ó Campamento

**insistimos!**

## **CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO**

### **DA XUNTA DE GALICIA (Conselleiro, D. Xosé Cuíña)**

— ¿Cando se contratarán os arcéns e as aceras dos seguintes lugares?

- Do Seixal á Igrexa de Nós (Rúa Salvador Allende)
- De Coruxo a Os Regos

— ¿Cando se vai presentar o proxectos e adxudica-la obra da Vía Rápida para Oleiros e Sada?

— ¿Cando se fará o novo acceso ó Porto de Lorbé?

— ¿Cando se construírán as naves para os mariñeiros de Lorbé e Mera, tantas veces prometidas no Porto de Lorbé, e o novo acceso ó porto, tan necesario polo gran número de camións?

— ¿Cando se rematará e subsanará o grave problema do bombeo de fecais da Ponte Pasaxe, que está a contamina-la ría do Burgo e a praia de Santa Cristina?

— ¿Cando van cofinancia-las obras de bombeo para a eliminación das depuradoras de Mera e Canide?

## **MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS (Hoxe «FOMENTO»; Ministro D. Rafael Árias Salgado)**

### **E MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (Ministra Dna. Isabel Tocino) DO GOBERNO CENTRAL**

— ¿Cando se van contrata-las obras do Paseo Marítimo de Mera, que levan anos presentadas en Madrid polo Concello?

— ¿Cando se vai face-lo túnel de Arenaza, en Iñás, e os novos accesos á N-VI, para a mellora do tráfico e a seguridade dos peatóns?

— ¿Cando se van facer as aceras nas travesías da N-VI en Iñás e Campamento?

— ¿Cando van comeza-las obras e accesos xunto ó Clube de Ténis, no Seixal-Nos?

— ¿Cando vai o ministerio de Facenda abonar ó Concello os ingresos que nos corresponden polo crecemento da poboación e que supón que cobramos uns 500 millóns de pesetas de menos desde o ano 92?

Esta relación será publicada ata que as obras ou proxectos estén realizados ou en marcha.



Está situada en Mera, e será restaurada polo Concello para lle dar un novo esplendor

# A Casa do Arxentino

## Memoria da modernidade



**O Concello de Oleiros rehabilitará a chamada «Casa do Arxentino», situada en Mera. Preténdese que esta casa señorial, que ata agora foi un testemuño mudo da historia do noso concello, recobre o seu antigo esplendor.**

A través do pórtico de pedra e da verxa de ferro da «Casa do Arxentino» podemos acceder a unha historia longa e confusa. A primeira información que se coñece é do ano 1841. Este é un edificio singular xa que ten elementos arquitectónicos típicos do historicismo, como a simetría ou a galería, e outros aspectos propios, como os azulexos decorados no remate superior das fachadas. A orixe destes azulexos é discutida. Aínda que poden proceder de Andalucía, é máis probable que sexan de orixe portuguesa, como o seu primeiro propietario.

Outra das peculiaridades da casa é a estrela de oito puntas que podemos atopar no teito do salón da pranta baixa, orientada na dirección noroeste-sureste. Este elemento e a distribución da habitación fai probable que se tratara dun oráculo ou sala de reunións dalgunha das agrupacións masónicas que tanto proliferaron en A Coruña a finais do século XIX e principios do XX.

### PRIMEIRA REMODELACIÓN

Así, no citado 1841, Xosé Cividanes Español, veciño da parroquia de Maianca, adquire varias propiedades nesa zona, entre elas a «Finca do Arxentino». Xosé Cividanes, xunto ó seu irmán Xoan, reedifica sobre a

antiga unha nova construción moi parecida á actual. É unha casa composta por un baixo e un piso, con balcón de madeira sobre columnas de cantería. Na finca adxacente atopábase unha horta de árbores frutais rodeada de murallas e un emparrado con pilares de cantería. Podíase, ademáis, oír o son dunha fonte de pedra, que deleitaría ós sucesivos habitantes do lugar.

En 1864, Xosé Cividanes véndelle toda a finca a Fermín Rubio Ledesma, de Madrid. Este morre en 1887, legándolle a propiedade

á súa dona, que lla venderá seis meses despois a unha das súas fillas, Adelaida Rubio Costas. É probable que Adelaida levara a cabo melloras na casa, sempre respetando a estrutura orixinal.

### BOHEMIA EN MERA

A finca, a casa e o mobiliario son comprados en 1904 por Eduardo Castillo Silva, lugués que amasara unha importante fortuna en América. A «Casa do Arxentino» pasará a ser a residencia de verán de Eduardo Castillo e os seus tres fillos, Eduardo, chamado agariñosamente Perucho, Belmira e María de las Mercedes. Os seus muros albergarán modos de vida bohemios e vangardistas. A señora Concha do Muiño e María Ramos, veciñas da casa, aínda lembran a esta familia, e contan que María, unha das fillas, era unha apaixonada da caza. Era unha moza moi moderna para o seu tempo: conducía o coche, usaba

pantalóns e fumaba en público. Ademáis, Perucho era un consumado pintor e escritor e a familia Castillo recibía na súa casa a diversos intelectuais, entre eles ó seu veciño Paco Llorens. Vivíase, en fin, o rico ambiente artístico e cultural da España da preguerra.

É nesta época cando aparece o nome da «Casa do Arxentino», que pode proceder da orixe emigrante de Eduardo Castillo. Pero é probable que influira o feito de que a sobriña do primeiro dono da casa, María Cividanes, estivera alugada nela, cando era propiedade de Castillo, e que o seu marido emigrara a Bos Aires.

No ano 1929, Eduardo Castillo véndelle a finca á súa filla María de las Mercedes, solteira e veciña de Málaga. Ata o 1952 a casa vivirá unha época de esplendor, convertíndose na admiración dos seus veciños, xa que o seu solar constituía unha réplica exacta de parte dos xardíns de María Luisa de Sevilla.

### COMEZA A DECADENCIA

María de las Mercedes morre en 1962, legándolle a propiedade á súa amiga Mercedes Linares, tamén veciña de Málaga, que vende a finca un ano despois dividida en catro porcións.

Pouco a pouco a casa foi esmorecendo. Sucesivos saqueos foron empeorando a súa situación, e así chegan a desmontar e levar a fonte de canteiría ou a arrancar as reixas das fiestras. Ata hoxe.

Agora, a Casa do Arxentino, que tanta vida veu entre as súas paredes, agarda recobrar a súa antiga nobreza, pasando a ser un elemento activo na vida do noso Concello.

